

Anuncio de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal de Fene para a delimitación dos núcleos rurais de Os Buios, O Redondo, O Feal, Lubián e O Piñeiro, Concello de Fene, expediente 2020/U032/000001

O Pleno do Concello de Fene na súa sesión extraordinaria do 17 de xaneiro do 2023 aprobou provisionalmente a modificación puntual do PXOM de Fene - Delimitación dos núcleos rurais de Os Buios, O Redondo, O Feal, Lubian e O Piñeiro

Por Resolución da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data do 9 de maio de 2023 aprobouse definitivamente a modificación puntual do PXOM de Fene - Delimitación dos núcleos rurais de Os Buios, O Redondo, O Feal, Lubian e O Piñeiro, no Concello de Fene, agás a parte sur do núcleos dos Buios, a que se fai pública mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 100 do día 29 de maio de 2023.

En cumprimento do disposto no artigo 88.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 212.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, do Regulamento de desenvolvemento da Lei, foi remitida, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a documentación da modificación puntual definitivamente aprobada en soporte dixital e debidamente dilixenciada, con entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia o 31 de agosto de 2023 (RXE núm. 2023/2395288).

Consta certificado de data 27 de setembro de 2023 da correspondente inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, co núm. de rexistro ROTPG/P/58/2023, da Sección II, do Libro I, Tomo III, folia rexistral nº 34.

Segundo o esixido polos artigos 82.1 da LSG, 199.3 e 215 do Regulamento da Lei 2/2016 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedese a publicar deseguido as determinacións normativas da modificación puntual conforme foi definitivamente aprobada.

Fene, 3 de outubro de 2023
O Alcalde,
Juventino José Trigo Rey

DETERMINACIÓNS NORMATIVAS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL

NORMATIVA DA MP01DNR.

TÍTULO I - DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1. Definición e ámbito de aplicación.

A presente normativa é de aplicación nos núcleos rurais de O Buios, O Redondo, O Feal, Lubián e O Piñeiro, de acordo coas delimitacións que constan nos planos de ordenación.

Artigo 2. Relación coa normativa do Plan básico autonómico.

1. O Plan Básico Autonómico (PBA) ten carácter complementario da presente modificación puntual do PXOM de Fene. En virtude deste carácter complementario, será de aplicación para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do presente instrumento de planeamento.
2. Para maior sinxeleza e para evitar repeticións innecesarias, nalgúns aspectos xa definidos no PBA farase un reenvío a esta normativa.

Artigo 3. Réxime do solo de núcleo rural. Actuacións incompatibles.

1. Os terreos situados no interior do perímetro dos núcleos delimitados clasifícanse como solo de núcleo rural de tipo tradicional (SNRT) ou común (SNRC).
2. O réxime de aplicación nos terreos clasificados como SNR é o establecido nos artigos 24 da LSG e 36 do RLSG ou disposicións legais que os substitúan.
3. As condicións de edificación nos terreos clasificados como SNR son as dispostas nos artigos 24 da LSG e 38 do RLSG.

4. Nos núcleos rurais delimitados están prohibidas as actuacións establecidas no artigo 26.1. da LSG e 40.1. do RLSG.
5. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, nos núcleos tradicionais estarán prohibidas as actuacións establecidas no artigo 26.2. da LSG e 40.2. do RLSG.

TÍTULO II - RÉXIME DE USOS DO SOLO E DA EDIFICACIÓN.

CAP. 1. DISPOSICIÓNS XERAIS AOS USOS DO SOLO.

Artigo 4. Condicións xerais relativas ás normas de usos.

1. Cando nas disposicións relativas á regulación dos usos se faga referencia ás superficies de edificación e non se especifique a que tipo de superficie concreta se refire, entenderase referida á superficie útil.
2. Cando nunha parcela ou edificación coincidan varios usos por ser compatibles entre si, cada un deles deberá cumprir as condicións que lle correspondan por aplicación desta norma.
3. As determinacións fixadas nestas normas de uso son de aplicación tanto nas obras de nova planta, como nas de ampliación e reforma.
4. A existencia de aparcadoiros entenderase referida ás novas edificacións. Esta dotación poderá materializarse en parcelas próximas, ou mesmo quedar eximida, cando se xustifique a imposibilidade do seu cumprimento.
5. Sen prexuízo do sinalado na presente normativa, son de obrigado cumprimento cantas normativas sectoriais resulten de aplicación

Artigo 5. Definicións.

1. Uso global: uso xenérico asignado a un ámbito, que corresponde ás actividades e sectores económicos básicos: residencial, terciario, industrial e dotacional.
2. Uso detallado ou pormenorizado: uso correspondente ás diferentes tipoloxías en que poden desagregarse os usos globais.
3. Uso permitido: uso que se axusta ás previsións da ordenación urbanística proposta. Os usos permitidos poderán ser maioritario ou principal, complementarios ou compatibles.
4. Uso maioritario ou principal: uso permitido que dispón de maior superficie edificable computada en metros cadrados de teito dentro da parcela.
5. Uso alternativo: uso que pode substituír na súa totalidade ao uso principal.
6. Usos complementarios: usos cuxa implantación ven determinada como demanda do uso principal.
7. Usos compatibles: usos que, en determinada proporción, poden substituír ao principal sen que este perda o seu carácter, é dicir, que siga a contar coa maior superficie edificable.
8. Usos prohibidos: os usos non permitidos.
9. Uso preexistente: uso xa materializado nunha parcela concreta.

Artigo 6. Categorías de usos detallados segundo as súas características funcionais.

Para os efectos de concretar os usos do solo, sinálanse dentro dos usos globais, os seguintes usos detallados:

1. Uso global residencial. A única categoría que se contempla é a de vivenda unifamiliar (RES-VU).
2. Uso global terciario (TER).
 - a. Comercial (TER-CM).
 - b. Oficinas (TER-OF).
 - c. Recreativo (TER-RE).
 - d. Hoteleiro (TER-HO).
3. Uso global industrial.
 - a. Produtivo (PR).
 - b. Almacenaxe (AL).
4. Uso global dotacional (DOT).
 - a. Infraestruturas de comunicación (IC).
 - i. Infraestrutura de comunicación viaria (IC-VIA).
 - b. Servizos urbanos (SU).
 - c. Espazos libres e zonas verdes (EL).
 - d. Equipamento sanitario-asistencial (EQ-SA).
 - e. Equipamento educativo (EQ-SA).
 - f. Equipamento social-cultural (EQ-SC).
 - g. Equipamento deportivo (EQ-DE).
 - h. Equipamento administrativo-institucional (EQ-AD).
 - i. Servizos públicos (SP).

- j. Dotacional múltiple (DM).

CAP. 2. USO GLOBAL RESIDENCIAL.

Artigo 7. Definición e usos detallados.

1. O único uso detallado previsto no presente instrumento de planeamento dentro do uso global residencial é o residencial unifamiliar (VU).
2. As definicións e condicións son as que se establecen no art. 15 do PBA.

CAP. 3. USO GLOBAL TERCIARIO.

Artigo 8. Definición e usos detallados.

1. Defínese como terciario aquel uso que comprende as actividades destinadas ao comercio, ao turismo, ao lecer ou á prestación de servizos.
2. Dentro do uso global terciario, sinálanse os seguintes usos detallados:
 - a. Comercial (TER-CM).
 - b. Oficinas (TER-OF).
 - c. Recreativo (TER-RE).
 - d. Hoteleiro (TER-HO).

Artigo 9. Uso comercial.

1. É aquel que comprende as actividades destinadas á subministración de mercadorías ao público mediante a venda ao retalho, ou á prestación de servizos a particulares.
2. Todos os locais de uso comercial deberán prestar atención ás seguintes condicións:
 - a. En caso de que no edificio exista o uso vivenda, estas deberán dispoñer de accesos independentes.
 - b. Os locais situados en nivel inferior á planta baixa, non poderán ser independentes do local inmediato superior.
 - c. Os comercios que se establezan en planta baixa deberán ter o seu acceso directo pola vía pública ou por un espazo común con acceso directo á vía pública.
3. Nos establecementos comerciais previstos no presente instrumento de planeamento distínguense as seguintes categorías:
 - a. Categoría 1ª. Local comercial compatible co uso vivenda. Son aquelas actividades comerciais compatibles co uso de vivenda, admitíndose dentro da mesma edificación.
 - b. Categoría 2ª. Outras actividades comerciais. O resto das actividades comerciais non incluídas no punto anterior.
4. Todas as categorías contarán coa dotación de aseos para uso público establecido pola normativa sectorial.

Artigo 10. Uso oficinas.

1. Enténdese por uso oficinas aquel que comprende locais destinados á prestación de servizos profesionais, financeiros, de información e outros, sobre a base da utilización e transmisión de información, ás empresas ou aos particulares.
2. Os locais de uso oficina deberán prestar atención ás seguintes condicións:
 - a. Os locais disporán dun inodoro e un lavabo. Por cada 200 m² ou fracción, aumentarase un inodoro e un lavabo. Non poderán estar comunicados directamente co resto de locais, debendo disporse un vestíbulo de illamento.
 - b. A luz e ventilación dos locais e oficinas poderá ser natural ou artificial. Se só dispoñen de luz e ventilación natural os ocos de luz e ventilación, deberán ter unha superficie total non inferior a 1/8 da que teña a planta do local.
 - c. Exixiranse as instalacións necesarias para garantir á veciñanza e viandantes a supresión de molestias, cheiros, fumes, rúidos, vibracións, etc.
 - d. Reservarase unha praza de aparcamento por cada 100 m² de local.

Artigo 11. Uso recreativo.

1. É aquel uso que comprende as actividades vinculadas ao lecer e o esparexemento en xeral.
2. Terá que ser compatible co residencial.
3. Establécense as seguintes categorías en función do disposto no Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia:
 - a. Establecementos para actividades culturais e sociais.
 - Museos.

- Bibliotecas.
- Salas de conferencias.
- Salas de bibliotecas.
- Salas de concertos.
- b. Establecementos para actividades deportivas.
 - Recintos deportivos.
 - Ximnasios.
 - Piscinas recreativas de uso colectivo.
- c. Actividades de restauración.
 - Restaurantes.
 - Salóns de banquetes.
 - Cafeterías.
 - Bares.
- d. Establecementos de ocio e entretemento.
 - Pubs.

Artigo 12. Uso hoteleiro.

1. Enténdese por uso hoteleiro aquel que comprende as actividades destinadas a satisfacer o aloxamento temporal.
2. O nº de prazas de aparcamento é o determinado pola normativa específica que corresponda, en caso de que non se estableza, será como mínimo dunha praza por cada 100 m² construídos para este uso.

CAP. 4. USO GLOBAL INDUSTRIAL.

Artigo 13. Definición e usos detallados.

1. Defínese como industrial aquel uso que comprende as actividades destinadas ao almacenamento, distribución, obtención, elaboración, transformación e reparación de produtos.
2. Dentro do uso global industrial, sinálanse os seguintes usos detallados:
 - a. Produtivo (PR).
 - b. Almacenaxe (AL).

Artigo 14. Uso produtivo.

1. Enténdese como uso produtivo aquel que comprende as actividades de produción de bens propiamente dita.
2. Reservarase unha praza de aparcadoiro cada cen metros cadrados útiles (100 m²). As actividades industriais deberán xustificar, segundo as súas necesidades, a reserva de peirao suficiente de carga e descarga dentro do local, independentemente da súa superficie, cun mínimo dun espazo de tres por oito m. (3x8) a partir de cincocentos metros cadrados (500 m²) de superficie de local.
3. Dentro do uso produtivo só se contempla a categoría de industrial compatible residencial. Que corresponde a aquelas actividades industriais compatibles co uso de vivenda dentro da mesma edificación ou terreo.
4. Deberán terse en conta as seguintes condicións:
 - a. Os usos industriais, deberán posuír acceso independente de calquera outro residencial,
 - b. O edificio deberá dispoñer dunha zona de carga e descarga de mercadorías no interior da súa parcela e con acceso suficiente desde a vía pública, que permita a entrada e saída dos vehículos sen manobrar.
 - c. De non ser posible, deberá poder realizarse a carga e descarga desde a vía pública aplicando medidas correctoras para que a interrupción do tráfico ou o movemento de persoas non se vexa afectado.
 - d. As instalacións industriais dotaranse de aseos independentes para homes e mulleres en cantidade non inferior a 1 inodoro, 1 urinario, 1 lavabo e 1 ducha por cada 20 traballadores ou fracción.
 - e. As augas residuais serán sometidas a depuración previa á vertedura na rede de saneamento.

Artigo 15. Uso almacenaxe.

1. Comprende o depósito, a garda e a distribución ao groso tanto dos bens producidos como das materias primas necesarias para realizar o proceso produtivo.
2. Dentro do uso almacenaxe só se contempla a categoría de pequeno almacén que corresponde a aquel que polo volume edificado é compatible con outros usos. A superficie

G-0
09C
05I
P-
F:
C.T.

máxima non poderá exceder os 350 m². En todo caso, atenderán ás disposicións da normativa contra incendios en canto á carga de lume e regulamentacións sectoriais.

CAP. 5. USO GLOBAL DOTACIONAL.

Artigo 16. Definición e usos detallados.

1. Defínese como dotacional aquel uso localizado nos sistemas de infraestruturas de comunicacións, de espazos libres e zonas verdes, de equipamentos e de infraestruturas de redes de servizos, que comprende as instalacións e servizos destinados á satisfacción das necesidades da cidadanía.
2. Dentro do uso global dotacional, sinálanse os seguintes usos detallados:
 - a. Infraestruturas de comunicación (IC).
 - Infraestrutura de comunicación viaria (IC-VIA).
 - b. Servizos urbanos (SU).
 - c. Espazos libres e zonas verdes (EL).
 - d. Equipamento sanitario-asistencial (EQ-SA).
 - e. Equipamento educativo (EQ-ED).
 - f. Equipamento social-cultural (EQ-SC).
 - g. Equipamento deportivo (EQ-DE).
 - h. Equipamento administrativo-institucional (EQ-AD).
 - i. Servizos públicos (SP).
 - j. Dotacional múltiple (DM).

Artigo 17. Infraestruturas de comunicación viaria.

Son aquelas que inclúen o solo necesario para asegurar un nivel adecuado de mobilidade terrestre. comprenden as infraestruturas de transporte terrestre para calquera modalidade de tránsito, como son as estradas, os camiños, as rúas e os aparcadoiros.

Artigo 18. Servizos urbanos.

1. Este uso comprende o conxunto de redes, instalacións e espazos asociados, destinados á prestación de servizos urbanísticos, como son os de captación, almacenamento, tratamento e distribución de auga, saneamento, depuración e reutilización de augas residuais, recollida, depósito e tratamento de residuos, subministración de gas, enerxía eléctrica, telecomunicacións e demais servizos esenciais ou de interese xeral.
2. A única categoría contemplada e de servizos urbanos compatibles co uso residencial que corresponde ás instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, captación, almacenamento, tratamento, abastecemento de auga e saneamento, e demais servizos esenciais ou de interese xeral.

Artigo 19. Uso espazos libres e zonas verdes.

1. Trátase daquel uso que comprende os espazos libres como prazas e áreas peonís e as zonas verdes como áreas de xogo, xardíns, paseos peonís e parques.
2. As súas categorías e a súa regulación será segundo o establecido no RLSG.

Artigo 20. Uso equipamentos.

1. Trátase daquel uso que comprende as diferentes actividades destinadas a satisfacer as necesidades da cidadanía.
2. Distínguense as seguintes categorías.
 - a. Equipamento sanitario-asistencial (EQ-SA): Aquel que comprende as instalacións e servizos sanitarios, de asistencia ou ben estar social.
 - b. Equipamento educativo (EQ-ED): Aquel que comprende as actividades destinadas á formación intelectual: centros docentes e de ensino en todos os seus niveis e para todas as materias obxecto de ensino.
 - c. Equipamento social-cultural (EQ-SC): Comprende as actividades de índole cultural, como bibliotecas, museos, teatros, auditorios, aulas da natureza e outros servizos de análoga finalidade.
 - d. Equipamento deportivo (EQ-DE): Comprende as actividades destinadas á práctica de deportes en recintos pechados, tanto ao aire libre coma no interior.
 - e. Equipamento administrativo-institucional (EQ-AD): Trátase daquel uso que comprende os edificios institucionais e dependencias administrativas, xudiciais, diplomáticas e de análoga finalidade.

- f. Uso servizos públicos: comprende as instalacións relacionadas con servizos públicos como protección civil, seguridade cidadá, cemiterios, prazas de abastos e outros análogos.
 - Categoría 1ª: cemiterios: Son aquelas instalacións con servizo de enterramento, que se establecen no Decreto 151/2014, de sanidade mortuoria de Galicia.
 - Categoría 2ª: Outros servizos públicos.
3. Deberán terse en conta as seguintes condicións.
 - a. Os establecementos destinados a equipamentos disporán en xeral de 1 praza de aparcadoiro por cada 100 m² construídos, agás nos casos particulares que se indican neste apartado.
 - b. Os centros escolares de máis de 1000 m² construídos deberán contar cunha praza de estacionamento de autobús para transporte escolar, por cada 200 prazas escolares.
 - c. Os centros de reunión e espectáculos disporán como mínimo de 1 praza de aparcadoiro por cada 50 espectadores.
 - d. Os establecementos de uso administrativo-institucional rexeranse polas condicións de uso oficinas, coa condición complementaria de que naqueles nos que haxa espazos destinado ao público por riba de 100 m² deberán preverse servizos sanitarios para ambos os sexos.
 - e. Os cemiterios deberán contar con 10 prazas de aparcadoiro por cada 2.000 m² de superficie, cun mínimo de 25 prazas de aparcadoiro para os novos espazos destinados a este uso. Nos cemiterios existentes será suficiente que incorporen o maior número de prazas no espazo dispoñible.
 - f. As pequenas edificacións dotacionais de menos de 150 m² non comportarán obrigatoriamente a creación de prazas de estacionamento, agás que o propio proxecto de construción ou de actuación sobre elas considere oportuno que dispoñan destas.
 - g. En todas as instalacións de servizos públicos con permanencia de persoas deberán establecerse servizos de aseo, en proporción adecuada ao número e con diferenciación de sexos, segundo as disposicións laborais e as de acceso ao público.

G-0
096
150
P-
F-
C.T.

TÍTULO III - CONDICIÓN XERAIS DA EDIFICACIÓN.

CAP. 1. NORMAS DE PROTECCIÓN E ADAPTACIÓN AO AMBIENTE.

Artigo 21. Disposicións xerais.

1. Con carácter xeral, a escala, o volume, a forma, os materiais de acabado e as cores, deberán ser sensibles ao lugar, con base nunha proposta arquitectónica acorde co seu fin. A tales efectos os proxectos técnicos que se refiran tanto ás intervencións sobre inmobles existentes como ás novas construcións incorporarán unha análise do lugar e das edificacións tradicionais existentes na contorna referentes ás características formais básicas; *fondo de fachada, ocos, acabados, elementos singulares exteriores, carpintarías, morfoloxía e material da cuberta,...* que xustifiquen a solución técnica adoptada.
2. As edificacións con características senlleiras serán obxecto de protección en función dos seus condicionantes construtivos e do seu estado de conservación. Porén, malia que a construción na súa totalidade non revista interese arquitectónico ou etnográfico, os elementos parciais tales como galerías, balcóns e solainas existentes, e de carácter tradicional que si o posúan, serán tidas en conta para os efectos da súa protección ou mantemento.
3. Toda actuación que se pretenda levar a cabo en edificacións afectadas pola súa calidade arquitectónica, compositiva e características do lugar, deberá desenvolverse mediante proxecto técnico, onde se analice desde o punto de vista tipolóxico, construtivo, histórico ou calquera outro necesario a edificación existente, realizando unha análise valorada sobre os procesos de transformación e deterioración xurdidos no tempo.
4. As novas edificacións deberán implantarse no terreo de xeito que se completen os núcleos rurais sen romper a trama orixinaria e potenciando un modelo de asentamento sustentable e respectuoso co medio e a paisaxe. A estes efectos teranse en conta os criterios de ordenación e intervención no medio rural que se establecen na *Guía de Boas Prácticas nos núcleos rurais* do IET, e, nomeadamente os que se establecen no artigos seguintes.

Artigo 22. Implantación da edificación no terreo.

1. Cando existan pendentes acusadas, as novas edificacións, deberanse adaptar ás pendentes e á topografía e para elo aplicaranse os principios que se indican a continuación:
 - a. Deberanse evitar desmontes e recheos aparentes.
 - b. A edificación situarase con carácter xeral co seu eixe lonxitudinal segundo a directriz das curvas de nivel cun corpo de profundidade limitada.

- c. No caso de situarse perpendicularmente á pendente deberase soterrar parte da edificación de xeito que a altura máxima só se alcance na fachada mais alta.
- d. En calquera caso, a limitación de altura e nº máximo de andares referirase aos puntos mais desfavorables do perímetro da construción evitando a formación de mais dun soto ou semisoto.
- e. A adaptación á topografía producirase utilizando a propia edificación para absorber os cambios bruscos de pendente ou os desniveis existentes.
2. Evitarase romper co perfil dos núcleos rurais e para elo teranse en conta os seguintes criterios:
 - a. Calquera nova edificación deberá situarse nas proximidades do conxunto edificado ou buscar elementos físicos de referencia (vexetación, arboredo, cambios de pendente, ...) que permitan incorporarse ao paisaxe sen romper có perfil do núcleo rural.
 - b. Evitaranse posicións a modo de fito, en puntos elevados ou lonxe do agregado consolidado, así como emprazamentos illados no fondo dos vales.
 - c. O emprazamento de calquera nova edificación evitará situacións prominentes ou visualmente expostas para non romper có perfil do asentamento existente.
3. As novas edificacións adecuaranse á pegada física respecto das existentes. Para incorporar o programa funcional cos mínimos superficiais actuais a edificación pode resolverse mediante unha axeitada descomposición dun volume único en distintos corpos de edificación que se aproximen mais á escala e volumetría das edificacións tradicionais existentes no lugar.
4. Manterase a referencia en escala e proporción respecto da edificación tradicional e para elo adoptaranse as seguintes cautelas:
 - a. A regulación da altura da cornixa e as proporcións da cuberta referentes á altura de cumieira e pendentes dos faldrons tomará en consideración as edificacións tradicionais existentes nos núcleos, baseada no análise indicado no artigo precedente.
 - b. A rehabilitación das edificacións tradicionais deberá evitar con carácter xeral os remotes por enriba da altura de cornixa, agás naqueles casos que resulte imprescindible para cumprir coas condicións de habitabilidade ou que se trate dunha elevación dunha planta baixa sobre un baixo existente. En calquera caso deberanse ter en conta as proporcións das edificacións tradicionais da contorna.
5. As novas construcións deberán apoiarse na vexetación ou no marco natural existente, para elo, manteranse as masas de arboredo existentes no terreo onde se vaia a edificar e integrar nelas a propia construción, aproximarse ou encaixarse nas crebas da pendente, bancais ou desniveis,...
6. Deberanse buscar as referencias de ordenación volumétrica dos núcleos rurais e para elo a configuración das novas edificacións deberán ter en conta as normas de composición da edificación tradicional existente na contorna; *tipo de volumes da edificación, relación co espazo público, tipoloxía de agregación, aliñacións, orientación das liñas de cumieira e conformación das cubertas, tipos de espazos no interior das parcelas ou construcións adxectivas anexas, ...*
Estes aspectos consideraranse no análise do lugar e das edificacións tradicionais existentes na contorna que se achegará cos proxectos técnicos para xustificar a solución adoptada.
7. As novas edificacións procurarán no posible as interferencias visuais das edificacións adxacentes evitando impoñerse como unha barreira fronte ás vistas que tiñan esas construcións cara o exterior ou modificando as condicións de exposición soar respecto da situación previa.
8. Deberase buscar a boa orientación e a sustentabilidade enerxética da edificación residencial e doutro tipo orientándoas adecuadamente, utilizando enerxías alternativas e empregando en xeral estratexias de eficiencia enerxética.

Artigo 23. Acondicionamento interior da parcela.

1. Un acondicionamento adecuado da parcela na que se sitúe a edificación pode diminuír o impacto territorial sobre a contorna, con esta finalidade establécense as pautas que se indican de seguido.
2. Tratamento da xardinería:
 - a. A xardinería debe ter un carácter lixeiro e pouco formalizado evitando solucións moi elaboradas ou ornamentais propias das edificacións singulares e do medio urbano. Deberán primar as solucións de prado fronte ás de xardinería.
 - b. O arboredo debe ser utilizado coa finalidade de minimizar o impacto visual das novas edificacións e harmonizando coa continuidade das edificacións existentes.
 - c. Evitaranse plantacións ou arboredo de especies exóticas, utilizaranse variedades autóctonas locais.
3. Cerramentos da parcela.

- a. Manteranse os cerramentos de pedra existentes e favorecerase a súa conservación e rehabilitación.
- b. Os novos muros de pedra realizaranse con variedades locais e con aparellos similares aos da contorna. Evitaranse os tipos de pedra alleos e que produzan un contraste de textura e tonalidade cos propios da zona. A estes efectos poderanse ter en conta os exemplos de valados característicos que se indican na *Guía de caracterización e integración paisaxística de valados* do IET para a comarca paisaxística Golfo Ártabro Litoral.
- c. Prohíbese o emprego de bloques prefabricados de formigón, ladrillo ou formigón sen revestir.
- d. Os enreixados metálicos e portais de acceso realizaranse coa maior sinxeleza posible de liñas e deseño evitando solucións que imiten antigos motivos ornamentais de forxa ou fundición.
- e. No caso de emprego de maias metálicas, deberanse ocultar pola parte exterior con sebes de especies vexetais locais, evitarase en todo caso o emprego de tuías e outras especies cupreáceas exóticas.
4. Pavimentación e ordenación interior.
 - a. Reducirase ao mínimo posible a ocupación do interior da parcela con pavimentos duros así como o emprego de materiais con tons ou acabados pouco adecuados, tales como, lousas prefabricadas de cemento, formigón estampado coreado e firmes asfálticos. Primará o mantemento do estado natural do terreo e o emprego de pavimentos permeables como lousas de pedra ou formigón con xunta aberta, saburra, terra compactada...
 - b. Evitaranse percorridos internos de vehículos pola parcela que obriguen a importantes desmontes ou recheos e muros de contención aparentes.
 - c. Os espazos para a garda de vehículos o ar libre situaranse na parte posterior da parcela, ocultos pola edificación principal.
5. Espazos de ocio (piscinas, comedores exteriores, áreas de xogo...).
 - a. Minimizarase a súa visibilidade evitando a súa disposición como elementos dominantes no primeiro plano do conxunto edificado.
 - b. Os acabados do fondo das piscinas faranse con materiais de tons grises ou verdosos evitando o azul habitual e prestando especial atención ao acondicionamento do contorno do vaso con tratamentos de pavimentación lixeiros favorecendo o emprego da pedra ou madeira e a cobertura vexetal.
 - c. As zonas de xogo, comedores o aire libre e elementos similares situaranse na parte traseira da edificación, amparadas polo edificio principal.

Artigo 24. Reconstrucións e ampliacións das edificacións tradicionais. Criterios volumétricos.

1. As ampliacións e intervencións nas edificacións tradicionais poden reproducir con fidelidade as solucións tradicionais ou establecer un diálogo entre as novas formalizacións e as preexistencias. No primeiro caso non se utilizarán tratamentos imitativos e superficiais dos elementos de composición que dean lugar a simples "pastiches". Os criterios a empregar serán os que se indican nos puntos seguintes.
2. Recuperaranse as pegadas da edificación orixinaria incorporando os restos da edificación preexistente utilizándoos como apoio á nova construción.
3. Regularase e limitarase o crecemento en altura das edificacións tradicionais existentes utilizando os mecanismos mais adecuados en cada caso mantendo en todo caso o valor ambiental das edificacións existentes evitando remotes innecesarios.
4. Primárase a reutilización das edificacións tradicionais existentes tales como cuadras, palleiras, galpóns, bodegas,... para incrementar o programa da vivenda mediante o simple enlace funcional desas dependencias á edificación residencial.
5. Calquera tipo de ampliación deberá formularse a partir do análise da volumetría da edificación preexistente establecendo criterios lóxicos de crecemento.
6. Manteranse os criterios tradicionais de ocupación en planta e formación das cubertas en canto á súa pendente, acabados e tons de cor.

Artigo 25. Formalización e composición das edificacións.

1. Os novos deseños, sen renunciar á expresión da súa contemporaneidade deberán ter en conta as características mais significativas da edificación tradicional, é dicir, sobriedade e simplicidade de formas e volumes, equilibrio de proporción na composición de vans e macizos, restrición de elementos accesorios nas fachadas, referencia respecto ás calidades cromáticas ou de textura dos materiais locais, inexistencia de solucións ornamentais engadidas....

Para elo deberanse adoptar os criterios referentes aos elementos construtivos que se establecen nos seguintes apartados.

2. Cubertas. O aproveitamento baixo cuberta é un dos elementos que mais desfigura a volumetría das novas construcións respecto das tradicionais, por elo establécense as seguintes limitacións:
 - a. Prohíbese a formación de crebas nas liñas das pendentes.
 - b. Prohíbese a formación de mansardas e bufardas.
 - c. Restrinxirase a instalación de ventás nos planos da cuberta no solo de núcleo tradicional aos casos estritamente necesarios nos que a iluminación non se poda realizar polos pinches.
 - d. A xeometría das cubertas; pendentes e aliñación de cumieiras, altura de cumieiras, material e ton de acabado terá que adaptarse á contorna inmediata, xustificándose no análise correspondente.
 - e. As novas edificacións que utilicen materiais distintos aos predominantes na contorna deberán garantir a integración e harmonización cromática coas edificacións tradicionais existentes.
 - f. No caso de reparación, retellado ou substitución parcial ou total da cuberta dunha edificación tradicional procurarase utilizar materiais de recuperación. No caso en que non sexa posible poderase utilizar material da edificación existente para completar a zona a substituír utilizando material novo en corpos completos.
3. Chemineas, canlóns e baixantes.
 - a. Deberanse agrupar os distintos condutos nun número reducido de elementos que sobresaian da cuberta e situaranse o mais preto posible da cumieira.
 - b. Non se levarán os tiros das chemineas pola parte exterior da fachada.
 - c. Os canlóns e baixantes en xeral serán ocultos, no caso de que sexa necesario que sexan vistos ao exterior utilizaranse materiais metálicos que entoen co conxunto da fachada e terán seccións de xeometría simple sen molduras ornamentais.
4. Beirados, cornixas e saíntes.
 - a. Os beirados resolveranse con solucións sinxelas e sobrias.
 - b. O forxado non poderá sobresaír en todo o seu espesor por fóra da liña de remate en altura das fachadas.
 - c. Soamente permitiranse corpos voados lixeiros tales como balcóns e galerías. Prohíbense os corpos voados pechados.
5. Vans e carpintarías.
 - a. As dimensións e proporcións dos vans e macizos, deberán manter a referencia respecto a as solucións tradicionais, sendo sempre preferible que as aperturas sexan de proporción cadrada ou rectangular vertical, subliñando o habitual predominio dos panos cegos de fachada, na súa extensión, respecto á ocupación total dos ocos
 - b. Con carácter xeral, evítanse os vans de proporción rectangular apaizada, aínda cando, como no caso dos grandes panos acristalados, sempre poden ser integrados na formalización dunha nova edificación ou en certas renovacións, a modo de elementos illados ou singulares, equilibrando a composición no conxunto final dalgunhas das fachadas
 - c. Resulta recomendable a utilización da madeira nas carpinterías, xa sexa na súa cor natural ou pintada, sendo a única solución admitida nos elementos arquitectónicos protexidos do Catálogo.
En harmonía coas tonalidades propias da zona, poderanse empregar outros materiais de acabado sempre que sexan pintados nesas mesmas cores.
 - d. Prohíbese, nas edificacións tradicionais, o emprego de carpinterías de PVC ou plásticas en xeral, que pola súa textura e aparencia, son de difícil asimilación no contexto da edificación tradicional.
 - e. As particións dos vidros das carpinterías non imitarán necesariamente ás da construción tradicional. Nas intervencións sobre as edificacións tradicionais prohíbense as particións excesivas alleas ás antigas, con solucións que supoñan mais de tres ou catro particións por cada un dos dous batintes, favorecendo sempre a composición xeral de dominante vertical nas carpinterías.
 - f. Aínda cando os acabados orixinais sempre melloran a imaxe da antiga edificación, poderán admitirse outro tipo de solucións de detalle a favor dunha maior proporción dos panos acristalados.
 - g. Prohíbense as persianas plásticas vistas na edificación tradicional, sendo sempre recomendable recorrer á habitual solución de contraventás interiores que, ademais, contribúe a mellorar o comportamento enerxético dos ocos de fachada.

Artigo 26. Acabados de fachada e cores.

1. Nas fachadas ou fondos das edificacións tradicionais primará o cor branco en tons variables pero sempre claras. Neste caso nas carpintarías empregarase calquera dos cores contrastados que se establecen na *Guía de Cor e Materiais de Galicia* para o *Golfo Ártabro R01-Sinxeleza*.
2. En calquera caso, poderanse empregar as combinacións de cores e materiais que constan no TOMO X da *Guía de Cor e Materiais de Galicia* correspondentes aos núcleos rurais do Golfo Ártabro para as morfotipoloxías que se localizan nos núcleos rurais, segundo a táboa que se insire a continuación:

EDIFICACIÓN	MORFOTIPOLOXÍA NÚCLEO RURAL	TIPO EDIFICATORIO APLICACIÓN	FICHA (TOMO X GAP GOLFO ÁRTABRO)
Construída ata 1960	R01 SINXELEZA	ARQUITECTURA TRADICIONAL	R01
	R02 EIXOS	ARQUITECTURA DE TRANSICIÓN	R02/U02
Construída dende 1960 ata a actualidade	R06	ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA	R06
Fitos	R08	EQUIPAMENTOS	Xustificarse a combinación elixida no proxecto.

Inclúense dous anexos á normativa:

- ANEXO-1 no que se identifican os tipos edificatorios.
- ANEXO-2 coas fichas de aplicación que se conteñen no TÍTULO X-GAP GOLFO ÁRTABRO.

Artigo 27. Selección de materiais e tipos de acabados nas edificacións tradicionais.

1. As indicacións que constan neste artigo refírense tanto ás edificacións tradicionais como ás de transición que figuran no anexo correspondente desta normativa.
2. Muros e acabados exteriores.
 - a. Pedra.
 - Recoméndase o uso da pedra da zona e as súas técnicas tradicionais de construción. Non se lle debe aplicar proteccións químicas tipo vernices ou resinas que alteran a súa cromaticidade e textura, e que ademais poden acelerar moi rapidamente a súa degradación.
 - Debe de respectarse, nas áreas onde se atope, o feito de acabar ou deixar á vista a pedra en partes da edificación, por exemplo a distinción da planta baixa da planta alta, a vivenda das cortes, etc.
 - b. Morteiros.
 - Recoméndase o mantemento dos morteiros de acabado en todos os casos onde existiran, sempre de cal, polas razóns antes expostas.
 - En morteiros sobre fábricas, recoméndase morteiro calcáreo ou hidráulico natural.
 - A entrega do revestimento contra o recercado dos ocos e os esquinais debe realizarse a plomo e a nivel, cubrindo, e polo tanto non deixando vistas, as pedras chave.
 - c. Rexuntados.
 - Recoméndase executar os rexuntados con morteiro de cal ao que se engadirán pigmentos minerais, tentando igualar ao máximo posible a cor da pedra.
 - Deixaranse sempre refundidos.
 - d. Pinturas.
 - Recoméndase a utilización de pinturas de cal para manter a capacidade de transpiración dos muros, que se perde co uso de pinturas plásticas. Como alternativa ás pinturas de cal, pódense utilizar pinturas de silicato, pois manteñen as características de permeabilidade á auga, luminosidade e acabado mate das de cal, e posúen unha mellor ancoraxe ao soporte, estabilidade da core durabilidade. En calquera caso os acabados sempre serán mate.
 - Cando aparezan “finxidos de pedra”, elementos que queiran imitar pedra tanto en fondos como en elementos compositivos, recoméndase, de non ser posible mantelos

ou reproducilos, utilizar unha paleta coas cores da pedra e seguir as instrucións de uso da carta de cores indicada no artigo anterior.

- Cando nun traballo de rehabilitación ou mantemento se atoparan cores orixinais e auténticas, poderanse reproducir, xustificando a decisión, aínda que non se atopen na paleta de cores que se establece como obrigatoria.
3. Elementos compositivos ornamentados. Nos elementos compositivos ornamentados que aparecen sobre todo no tipo de arquitectura de transición non se lles debe aplicar proteccións químicas tipo vernices ou resinas que alteran a súa cromaticidade e textura, e que ademais poden acelerar moi rapidamente a súa degradación.
 4. Materiais en edificacións etnográficas tipo hórreos, cortes, palleiras, galpóns tradicionais. En principio teranse en conta os mesmos criterios que para as edificacións principais. No caso de emprego de madeira en edificacións de pequena escala pintarase coas cores que se establecen nas fichas anexas a esta normativa e colocarse en posición vertical.
 5. Carpintarías.
 - a. En xeral utilizarase madeira como material para as carpintarías.
 - b. Recoméndase o mantemento da posición das carpintarías nos muros, co fin de non alterar a imaxe das arquitecturas. No caso de que a posición orixinal da carpintaría sexa enrasada coa cara exterior do muro, recoméndase, como solución para garantir o illamento térmico e acústico, a colocación dunha segunda carpintaría ao interior.
 - c. Os acabados das carpintarías faranse con pinturas ao aceite preferentemente, ou á auga, cun acabado mate ou satinado.
 - d. Nos casos de carpintarías con despezos singulares, primará a súa conservación e de non ser posible a súa reprodución nas novas carpintarías.
 - e. Recoméndase, ao reproducir carpintarías e de non ser posible facelo tal cal eran, non caer no erro de reproducir elementos cunha intención meramente “decorativa” e sen función na nova carpintaría, como por exemplo con pezas situadas na cámara dun dobre vidro.
 6. Cubertas.
 - a. O material a utilizar nas edificacións tradicionais será obrigatoriamente a tella cerámica, curva nas tradicionais e mixta nas de transición.
 - b. Manteranse as cubertas planas, de zinc, de cobre e cerámicas, nas edificacións nas que se atopen.

Artigo 28. Selección de materiais e tipos de acabados nas edificacións contemporáneas.

1. Muros e acabados exteriores. Utilizarase calquera material con tal de que a cor resultante, tanto se é a natural como a adquirida, se atope na ficha R06 da carta de cores que se achega como anexo e sempre cun acabado mate.
2. Carpintarías. Utilizarase calquera material con tal de que a cor resultante se corresponda coa ficha R06 da carta de cores, sempre cun acabado mate ou satinado.
3. Cubertas. Recoméndase o uso de tella cerámica ou cubertas vexetais. No caso de utilizar calquera outro material ou técnica, xustificarse a súa integración e harmonización coa paisaxe.
4. Cerrallarías. Aplicaranse as instrucións que constan na carta de cores.

Artigo 29. Urbanización e acondicionamento do espazo público.

1. As intervencións no espazo público dos núcleos rurais debe fuxir de modelos estandarizados de configuración que identifican o medio urbano e o suburbano, con esta finalidade establécense unha serie de criterios a ter en conta na urbanización e tratamento destes espazos.
2. O viario interno. Teranse en conta os seguintes principios:
 - a. As vías interiores dos núcleos rurais resolveranse en plataforma única diferenciando en todo caso as zonas peonís das rodadas, nas vías que contén cunha anchura suficiente, mediante a simple distinción de texturas e materiais evitando o resaltado da beirarrúa.
 - b. A recollida de augas pluviais nas vías máis estreitas pódese resolver en superficie con pendentes e canal na zona central da vía. Tamén poderanse empregar solucións de dobre canal ou só nunha das bandas establecendo zonas de transición cara ás fachadas para remarcar a zona de circulación peonil. En calquera caso a análise

previo do lugar, a topografía, as pendentes e a funcionalidade dos camiños determinará a alternativa máis adecuada para cada situación concreta.

- c. Nunca deberá perderse a referencia respecto ao carácter rural dos núcleos, evitando sempre o exceso de urbanización, que moitas veces, require lograr un certo equilibrio entre pavimentos duros e cobertura vexetal (superficies de herba, xardinería lixeira, franxas vexetais de separación).
 - d. A pavimentación das rúas interiores coa mesma variedade de pedra utilizada nos muros e edificacións, ou mesmo procedente da recuperación de materiais de derriba, sempre será unha alternativa de integración válida para o tratamento superficial destes espazos públicos.
 - e. Tamén poden lograrse actuacións de mellora funcional e ambiental de rúas e camiños interiores, de maneira integrada e harmónica, a partir dunha adecuada entoación de cores e texturas dos materiais empregados no tratamento das superficies pavimentadas respecto a as fachadas ou os materiais característicos da edificación tradicional de cada ámbito.
3. Espazos singulares e contornos patrimoniais. Considéranse como tales os recintos comunais derivados dunha antiga funcionalidade agraria ou da vida rural (eiras, encrucilladas, campos da feira,...) e tamén vinculados a determinados elementos de valor do patrimonio rural de carácter funcional e/ou simbólico (cruceiros, adros de igrexas, contornos de lavadoiros e fontes,...).

No tratamento destes espazos teranse en conta os seguintes criterios:

- a. A simplicidade e sobriedade na utilización dun número reducido de materiais.
 - b. Non empregar materiais duros onde non sexan precisos, mantendo o complemento vexetal de superficies de herba ou xardinería lixeira.
 - c. Evitarase impoñer a imaxe ou a extensión propia da intervención de acondicionamento do espazo sobre a representatividade do elemento protexido, así como fuxir de calquera tipo de solución que remita á resposta convencional do tratamento de espazos públicos urbanos.
 - d. Os elementos funcionais do espazo público (colectores de lixo, transformadores, sinalización vertical, indicadores,...) debe ser considerado como un elemento máis no tratamento do espazo público.
 - e. As solucións de iluminación puntual destes espazos públicos e dos elementos patrimoniais localizados neles centrarase na posta en valor desas pezas significativas, pero con discreción, procurando que as luminarias queden disimuladas ou pasen desapercibidas no conxunto da ordenación do espazo.
4. Viario de paso ou travesías dos núcleos. Considéranse no presente caso as dúas estradas provinciais que atravesan os núcleos rurais de Os Buíos, O Redondo e O Piñeiro.

O acondicionamento deste tipo de viario resulta de importancia como parte da mellora ambiental dos núcleos, esixindo, por tanto, establecer unha certa imaxe de calidade ou identidade e, ademais, resolver con eficacia os distintos requirimentos funcionais, tanto para o tránsito de paso (circulación, estacionamento, regulación de interseccións, permeabilidade transversal, etc.) como para o seu uso cívico como parte do espazo público polos residentes (seguridade do tránsito de peóns, facilidade para o paseo, a estancia e a relación social, diminución de molestias do tráfico aos residentes, coexistencia entre diversos usos, etc.).

Neste sentido teranse en conta os seguintes criterios:

- a. Evitarase no posible a solución habitual de estender tratamentos de calzada e beirarrúas propios da formalización convencional das estradas, con predominio das superficies de asfalto e os pavimentos de lousas, mesmo onde xa non hai apenas edificacións, en contacto directo coa paisaxe agraria da contorna, resultará sempre inadecuada.
- b. Intervencións sinxelas e dun custo similar ás máis convencionais poden conformar unha imaxe do urbanizado totalmente diferente e máis apropiada respecto ao medio rural, que contribúa á posta en valor da contorna como son o cambio de materiais de pavimentación, presenza equilibrada da vexetación, alternativas ao deseño de beirarrúas, elementos de acougado da velocidade do tráfico, creación dunha imaxe de entrada característica, acondicionamento dos sinais e luminarias ou doutros elementos funcionais, entoación de materiais e texturas de urbanización, etc..
- c. A posta en valor destas estradas incorporará outro tipo de actuacións integradoras tales como a plantación de sebes e arboredo, delimitación dos límites entre a estrada

- e a paisaxe, resalte de perspectivas e puntos de vista, integración das barreiras de seguridade viaria, adaptación de elementos funcionais e de instalacións, etc..
5. Espazos de estacionamento. Evitaranse as solucións habituais mediante pavimento asfáltico e pintura que dá lugar a unha formalización que ten difícil integración nun tratamento cualitativo do espazo público nos núcleos rurais. Utilizaranse outros criterios de intervención:
 - a. As zonas de estacionamento deben ser acabadas con materiais da mesma calidade e textura que o resto da urbanización interior do núcleo, variando tonalidades ou despieces e delimitando de maneira menos formalizada o espazo das prazas de vehículos (unha simple banda de lastras ou de pedra).
 - b. Evitarase o contraste marcado de cores e materiais, que sempre fragmentan en exceso o espazo cando non hai vehículos aparcados.
 - c. Os grandes espazos de estacionamento eventual ou ocasional (xunto á igrexa ou ao cemiterio, por exemplo) resolveranse mediante a utilización de pavimentos que permitan o crecemento de herba intercalada á vez que soportan o paso dos vehículos ou superficies neutras de lastra, chapacuña ou grava que tamén facilitan a integración deste tipo de superficies.
 - d. Deberase incorporar sempre vexetación; arboredo de sombra, arbustos, pradería, etc.
 6. Materiais de urbanización e pavimentos. Na selección dos materiais para utilizar nas intervencións de acondicionamento no medio rural debe considerarse a súa adecuación respecto á escala da contorna e do medio natural ou construído de cada ámbito. Con esta finalidade, poderán empregarse tanto materiais naturais e propios de cada zona, ou tamén recorrer a criterios de integración a partir da interpretación das cores e texturas que identifican o lugar, valéndose dun criterio máis contemporáneo. Os materiais a utilizar serán os seguintes:
 - a. Pedra: É o material que mellor garante a integración respecto dos cerramentos e muros da edificación tradicional sempre que se utilicen variedades locais.
 - b. Formigón tratado: Posto en obra con acabados de árido visto, desactivado, lavado, etc., permite entoar coas tonalidades e texturas da pedra do lugar (variando a composición e aparencia dos áridos, empregando variedades locais dos mesmos, recorrendo á reciclaxe de pedra de derriba) e mesmo admite con facilidade a combinación con tramos de lousado ou empedrado desa mesma pedra natural, asegurando sempre unha boa resistencia e durabilidade para o tránsito rodado.
 - c. Grava, xabre ou terra estabilizada: Son materiais que resultan adecuados, en particular, para zonas peonís, que, de escollerse coa tonalidade e granulometría correctas, encaixan con facilidade, polo seu aspecto natural e pouco duro, co contexto rural.
 7. Iluminación e mobiliario. Adoptaranse os seguintes criterios:
 - a. Debe considerarse sempre a simplicidade de deseño, sobriedade nas solucións e o emprego dun mostrario reducido de materiais, se é posible, de tipo natural e presentes na formalización da edificación tradicional (pedra, madeira, ferro).
 - b. Sempre será preferible desenvolver pezas especificamente deseñadas para espazos concretos.
 - c. En xeral, deberá procurarse un carácter mínimo dos acondicionamentos, xa que a profusión de mobiliario ou de luminarias adoita remitir a unha imaxe banal do espazo público neste tipo de contornas e a situacións urbanas que sempre son recoñecidas como alleas respecto a escala e configuración da paisaxe rural.
 - d. No que se refire á iluminación, resulta fundamental evitar a escala propia da iluminación de estradas e aproximar a altura das luminarias respecto á do peón e da edificación tradicional. Do mesmo xeito, deberá procurarse a discreción dos elementos de iluminación durante o día, empregando deseños de formas e xeometría sinxelas, así como acabados e cores neutras ou escuras que pasen case desapercibidas fronte ás tonalidades da pedra ou os elementos naturais.
 8. Elementos funcionais e instalacións. Algúns principios a ter en conta son os seguintes:
 - a. Todas as canalizacións e cableados deberán ser soterrados. Os tramos que deban tenderse sobre muros ou fachadas de edificacións realizaranse sen alterar os seus elementos compositivos principais (zócolos, impostas, cercas, balcóns ou similares), minimizando o seu impacto visual.
 - b. Os elementos funcionais como os colectores de lixo, contadores, cabinas, etc., deberán emprazarse dun xeito adecuado, mediante un mínimo acondicionamento do espazo e con sebes de ocultación.

G-0
096
150
P-
F-
C.I.

- c. Deberá evitarse sempre a aparencia vista dos materiais plásticos e das cores rechamantes deste tipo de elementos, por exemplo, formando pantallas de ocultación de madeira, deseñando elementos de mobiliario específicos para integrar os cadros de mando e, regulando a aparencia, ou mesmo obrigando, a retirar das fachadas da edificación de valor, os contadores de instalacións domésticas.
- d. No caso das canalizacións das instalacións soterradas, convén sempre unha distribución racional e ordenada das mesmas na sección das rúas e integrar no deseño da pavimentación e o seu despezoamento as tapas de rexistros ou arquetas.
- 9. Acompañamento da vexetación:
 - a. O acompañamento da vexetación nos proxectos deberá sempre seguir un criterio de aproximación ás características do medio natural da contorna da intervención, evitando tanto a formalización excesiva como o uso de especies vexetais exóticas ou inexistentes no ámbito territorial sobre o que se intervén.
 - b. Prestarase atención ao detalle na integración dos elementos vexetais e expor solucións de baixo mantemento, que respecten o ciclo de recollida e filtrado da auga de choiva.

CAP. 2. PARÁMETROS SOBRE TIPOLOXÍA E INTENSIDADE DA EDIFICACIÓN.

Artigo 30. Tipoloxías e morfotipoloxías.

- 1. As tipoloxías consideradas son as seguintes:
 - a. Edificación exenta ou illada: aquela cuxos paramentos non lindan con ningunha outra
 - b. Edificación acaroadada: aquela cuxos paramentos lindan con algunha outra edificación.
- 2. Por outra banda establécense as chamadas morfotipoloxías que son tipos arquitectónicos de referencia para o tipo de intervencións a realizar a fin de manter as características ambientais e paisaxísticas dos núcleos rurais. Neste caso considéranse os seguintes:
 - a. Edificacións tradicionais (vivendas labregas).
 - b. Edificacións de transición.
 - c. Edificacións catalogadas.
 - d. Equipamentos ou fitos.
 - e. Edificacións contemporáneas.

Artigo 31. Edificacións auxiliares.

- 1. Distinguímos entre as edificacións auxiliares tradicionais e contemporáneas, existentes ou de nova construción.
- 2. As edificacións auxiliares de nova construción serán de planta baixa cunha altura máxima de cornixa non superior a 2,50 m, e absoluta ata o cumio non superior a 4,00 m; ambos parámetros considerados respecto de calquera punto das rasantes perimetrais da edificación adxectiva, cunha ocupación máxima de ata un 10 % da parcela neta e un límite de 50 m².
- 3. Presentarán un nivel de acabado congruente co das edificacións ás que dean servizo, harmonizando con aquelas no relativo a materiais, así como no tratamento de paramentos, cubertas e elementos en ocós de fachada.
- 4. Os criterios básicos de intervención son os que se establecen no capítulo II referente ás normas de protección e adaptación ao ambiente.

Artigo 32. Índice e materialización da edificabilidade.

- 1. As definicións relativas á superficie edificable e índice de edificabilidade son as que se establecen no ANEXO I do RLSG.
- 2. A edificabilidade establecida para cada unha das ordenanzas é un máximo, non será obrigatorio esgotala. Porén, nas ordenanzas en que se condiciona a posición da edificación que se vai construír na parcela por continuidades de acaroadado ou ocultación de medianeiras, deberase materializar, como mínimo, a edificación que poida garantir a ocultación destas.

CAP. 3. PARÁMETROS SOBRE PARCELAS.

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 33. Aliñación.

- 1. A definición deste concepto é a que se establecen no ANEXO I do RLSG.

2. Cando a conservación de elementos catalogados entre en conflito coas novas aliñacións, primará a conservación destes elementos. Tamén primará sobre as novas aliñacións a conservación dos elementos construídos ao abeiro do artigo 24.4 do Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, que ocupen superficies de espazos libres ou de dominio público para garantir a accesibilidade universal.
3. Nas parcelas ocupadas por edificacións que dan fronte tanto ás vías municipais como ás de titularidade supramunicipal fixéronse dúas aliñacións:
 - a. Aliñación oficial ou “aliñación” sen mais, que respecta a liña de edificación que será a que se considere no caso de actuar sobre a edificación existente en actuacións de mantemento, conservación, rehabilitación e reforma, de acordo coas definicións que constan no RLSG.
 - b. Aliñación regularizada, aplicable no caso de substitución da edificación, co obxectivo de dar continuidade á aliñación predominante na vía.

Artigo 34. Condicións exixibles ás parcelas.

1. As parcelas existentes non están suxeitas a condicións de superficie e fronte. Poderán ser edificadas sempre que permitan unha edificación axustada ao resto das condicións urbanísticas sinaladas na ordenanza correspondente.
2. En caso de parcelamento, o largo non poderá ser en ningún caso inferior á fronte mínima establecida na ordenanza e as novas lindes non presentarán quebras.
3. Cando unha parcela estea afectada por dúas ordenanzas distintas de solo de núcleo rural co mesmo uso principal e nalgunha delas non se acade a superficie correspondente á parcela mínima, poderase considerar a parcela de forma unitaria e aplicarlle xustificadamente unha das dúas ordenanzas, sempre que a ocupación e edificabilidade totais non superen as correspondentes á suma da dos subámbitos.
4. Permítese unicamente unha única segregación por parcela matriz, é dicir, a división dunha parcela matriz, existente antes da vixencia da presente MP, para obter soamente dúas parcelas resultantes.

Artigo 35. Normalización de predios.

1. A normalización de predios aplicarase sempre que sexa preciso regularizar a configuración física dos predios para adaptalos ás esixencias contempladas na normativa urbanística de aplicación.
2. Poderá formularse en calquera momento, de oficio polo concello ou por instancia dos propietarios afectados. Considérase que un predio é normalizable e, polo tanto, precisa dunha reparcelación con terceiras parcelas, cando concorra, cando menos, algún dos supostos seguintes:
 - a. Cando os seus lindeiros non sexan rectos ou o seu ángulo coa aliñación sexa menor que 70º, excepto nos casos que por estar consolidada a edificación e a súa ordenación, sexa imposible a súa regularización. A nova edificación atenderá á ocultación das medianeiras vistas.
 - b. Cando unha parcela estea situada no interior dun cuarteirón, sen contacto coa vía pública e, polo tanto, sen posibilidade de beneficiarse do dereito a edificar. Neste caso entrarán na reparcelación todas aquelas parcelas que linden coa parcela afectada, sempre e cando non se encontren edificadas.
 - c. Cando a escaseza de superficie, fronte ou fondo impidan o aproveitamento racional das condicións de edificación establecidas nas ordenanzas tipo, excepto nos casos en que por estar consolidada a edificación e a súa ordenación, sexa imposible a regularización.

SECCIÓN 2ª. PECHES DE PARCELAS.

Artigo 36. Normas xerais.

1. Con carácter xeral, permítese a construción de elementos de peche dos predios que deberán harmonizar cos existentes na contorna. Teranse en conta os exemplos e criterios recollidos na *Guía de caracterización e integración paisaxística de valados*.

2. En calquera caso, deberán adaptarse ao establecido na normativa sectorial vixente, nomeadamente o establecido en materia de augas.
3. A altura máxima dos peches con material opaco será de 1,50 metros. Por riba desta altura o peche será vexetal ou tipo malla metálica ou de canizo ata unha altura máxima de 2,50 metros. No caso de parcelas en pendente, permitirase manter puntualmente a mesma altura en tramos horizontais non superiores a dous metros.
4. Os muros realizaranse con materiais acordes co ambiente no que se insiren, debendo manterse, en todo momento, en condicións óptimas de conservación e ornato, incluíndo o tratamento de revoco, recebo ou pintura.

En caso de construción de peches de fábrica, estes realizaranse con materiais, técnicas e acabados tradicionais ou, caso de facelos mediante materiais e técnicas actuais, haberá que xustificar a súa correcta integración paisaxística.

5. Non se permite o emprego de bloques de formigón ou materiais de fábrica non elaborados como elementos de acabado, agás que sexan debidamente revestidos e pintados.
6. Os peches de fábrica de carácter tradicional (muros de cachotaría, valados...) deberán ser conservados. Na vexetación evitase o uso de especies invasoras, utilizando variedades autóctonas locais.
7. Os peches deberán situarse como límite extremo na aliñación oficial. O deseño dos peches e parcelas incluírase sempre nos proxectos de obra, co fin de harmonizar formalmente coas construcións e os espazos libres da parcela, así como coas características escénicas do contorno.
8. Nas zonas nas que exista unha tipoloxía predominante tradicional de cerramento ou valado na contorna, os novos valados deberán manter as mesmas características de materiais e colocacións dos mesmos. Favoreceranse e implantaranse, sempre que sexa posible, os valados de elementos vexetais autóctonos locais e naturais.
9. Procurarase o bo mantemento e acondicionamento dos valados existentes. Priorizaranse os valados de cachotaría tradicional, no caso de ser necesario valados opacos.
10. En ningún caso se permitirá o remate de cerramentos con elementos que poidan causar lesións a persoas ou animais.
11. Os cores e acabados serán os que se indican nas fichas anexas a esta normativa para os fondos das edificacións.

Artigo 37. Normas particulares.

1. Con carácter xeral, prohíbese o derrubamento, de maneira inxustificada, de muros tradicionais dos rueiros ou corredoiras.

Calquera actuación que supere a mera conservación, deberá xustificar o seu carácter excepcional e plasmarse nun proxecto que recolla a actuación, analizando os efectos e consecuencias destas decisións na funcionalidade da vía, na contorna ambiental ou das modificacións paisaxísticas.
2. Nas parcelas lindeiras coas edificacións tradicionais e de transición que teñan muros tradicionais, os novos cerramentos, deberán harmonizar cos existentes en altura, material e acabado.
3. Teranse en conta as recomendacións da *Guía de caracterización e integración paisaxística de valados*, da colección Paisaxe Galega, tanto no que se refire á forma, textura, materiais ou calquera outro aspecto fundamental que caracterice un determinado cerramento.

CAP. 4. PARÁMETROS SOBRE POSICIÓN DA EDIFICACIÓN.

Artigo 38. Ocupación.

1. A definición deste concepto é a que se establece no ANEXO I do RLSG.
2. As instalacións tales como piscinas, pérgolas, ramplas, pavimentacións ou pistas deportivas descubertas non se considerarán para os efectos da ocupación.

Artigo 39. Recuamentos.

1. Defínense como a separación mínima de calquera elemento da edificación, agás as cornixas, respecto dos lindeiros da parcela, medida perpendicularmente a eles.
2. O recuamento ás aliñacións non poderá ser ocupado pola edificación principal, en ningún caso, en superficie ou baixo rasante. Pola contra, as edificacións auxiliares, invernadoiros con destino exclusivo a uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, poderán ocupar os espazos correspondentes á separación a lindeiros, sempre que cumpran coas condicións que se indican nestas normas.

CAP. 5. PARÁMETROS SOBRE VOLUME E FORMA DA EDIFICACIÓN.

Artigo 40. Altura da edificación.

1. A altura da edificación terá coma referencia a altura da cornixa, medida de conformidade co establecido no ANEXO I do RLSG.
2. Para os casos nos que se constrúa sobre terreos en pendente, a lonxitude das fachadas ou o fondo da edificación terase que dividir nas partes necesarias, graduando convenientemente a altura, tal e como se establece no RLSG e nas normas de protección e adaptación ao ambiente do cap. 1 do título III destas normas.

Artigo 41. Cubertas.

1. As cubertas deberán adaptarse na súa configuración básicas ás tradicionais existentes na contorna inmediata en altura de cumio, pendentes e materiais.
2. Nos casos en que non sexa de aplicación o indicado no apartado anterior, a cuberta poderá ser plana ou construída mediante planos inclinados, en cuxo caso os faldróns arrincarán desde a altura máxima en liña de fachada ou patio, cunha inclinación non superior a 30° sesaxesimais e non poderán exceder a altura da cumieira en máis de 3,6 metros desde a cara superior do último forxado. Non se permitirán en ningún caso crebas na pendente de ningún dos faldróns.

3. Por riba da envolvente máxima da cuberta só se permitirán elementos de instalacións como antenas, pararraios, chemineas, paneis fotovoltaicos e similares que deberán quedar integrados na solución arquitectónica.

Nas edificacións tradicionais e no seu contorno inmediato estes elementos non poderán ser visibles desde a vía pública.

4. Baixo cuberta permítese o aproveitamento destinado a calquera uso recollido na ordenanza respectiva sen outra limitación que o cumprimento dos códigos de edificación e normas de habitabilidade ou actividade.

5. Para a iluminación e aireación da planta baixo cuberta, admitiranse as ventás nos pinchos ou paramentos verticais da cuberta e as ventás practicables cenitais no plano do faldrón da cuberta. As fiestras cenitais separaranse entre elas un mínimo de vez e media o largo dos ocos. Permitirase a combinación de ocos de distintas medidas, sempre que a imaxe ofrezca unha composición equilibrada.

Nas edificacións tradicionais soamente se permitirán as ventás cenitais se non é suficiente coas dos pinchos e integranse de forma adecuada na cuberta de forma que non distorsione a imaxe da edificación.

Artigo 42. Corpos voados pechados e balcóns.

1. A profundidade dos corpos voados nas edificacións que estean apegadas ás aliñacións non poderá superar o 10 % da anchura da vía, cun máximo de 1,00 metro. Non se permitirán en vías de anchura menor a 6,00 metros e separaranse dos predios lindeiros nunha lonxitude cando menos igual á distancia voada, e nunca inferior a 0,60 metros. A altura mínima sobre a rasante da vía pública será de 3,00 metros.

G-0
096
150
P-
F-
C.T.

Exceptúanse aqueles casos de vivendas que se constrúan apegadas a outras existentes con voos en cuxo caso poderanse reproducir as mesmas características dimensionais das existentes.

En todo caso nas edificacións tradicionais existentes con elementos voados tradicionais, non serán de aplicación estas condicións, permitíndose o seu mantemento, consolidación ou rehabilitación.

2. Os novos corpos voados pechados terán que ser lixeiros, tipo galería ou miradoiro e para tal fin, terán unha superficie vidrada ou semitransparente maior do 75 % da superficie da fachada voada, tanto no paramento frontal como nos laterais. Computarán para efectos de edificabilidade o 100% da súa superficie.

Artigo 43. Marquesiñas, toldos e rótulos.

1. Non está permitida a colocación de marquesiñas nos frontes á vía pública
2. Os toldos móbiles estarán situados en todos os seus puntos, a unha altura mínima sobre a rasante da beirarrúa de 2,25 metros. O saínte, respecto da aliñación oficial, non poderá ser superior ao largo da zona peonil, sen exceder os 3,00 metros respectando, en todo caso, o arboredo existente e a sinalización urbana. Os cores e tons terán que harmonizar coa contorna utilizando a paleta de cores para os fondos da ficha R06.
3. Rótulos e outros elementos publicitarios.
 - a. Os carteis identificadores de establecementos situaranse preferentemente no plano das fachadas, de forma discreta, e deseñaranse de forma respectuosa cos elementos compositivos da arquitectura tradicional. No caso de empregarse ménsulas ancoradas na fachada, terán o menor voo posible e realizaranse con materiais acordes cos da edificación. En xeral deberán evitarse os acabamentos reflectores, as cores rechamantes e os rótulos luminosos.
 - b. Terán unha altura mínima ata calquera punto da rasante da vía pública de 2,50 metros e non sobresaírán mais de 0,50 metros do plano da fachada.
 - c. Non supoñerán obstáculo ou risco para a seguridade e a mobilidade de vehículos e persoas.
 - d. Respetarán o arboredo, elementos de iluminación e demais elementos do mobiliario urbano.

CAP. 6. NORMAS HIXIÉNICAS E DE CALIDADE DA EDIFICACIÓN.

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 44. Alcance e contido.

1. Son as condicións que se establecen para garantir o bo facer construtivo e a salubridade e hixiene na utilización dos locais polas persoas, determinando os parámetros a que se deben suxeitar as condicións de calidade, salubridade e hixiénicas.
2. Estas condicións estarán sempre supeditadas ás particularidades que, en cada caso concreto, dispoñan as ordenanzas e normas específicas e á normativa sectorial que resulte de aplicación.
3. En todo caso, deberase fomentar a recollida selectiva, a reutilización e a reciclaxe dos elementos vertidos.

Artigo 45. Disposicións xerais.

1. Todos os edificios disporán das dotacións de servizo necesarias en función do uso ao que se destinen ou da actividade que se desenvolva neles e, como mínimo, das que sexan obrigatorias segundo a lexislación xeral e normativa sectorial aplicable en cada caso.
2. Calquera actuación de rehabilitación integral, ampliación, nova edificación ou actuación integrais sobre as fachadas implicará o soterrado das redes de servizos existentes.

Cando se soterren, deberán seguir, no posible, o trazado das beirarrúas ou da calzada. A profundidade mínima das conducións será de 0,60 m desde a parte superior do entubado ata a rasante do pavimento.

3. A rede de auga situarase sempre por riba da cota das redes de saneamento e pluviais. En calquera caso tratarase de evitar afectar os ben integrantes do patrimonio arqueolóxico e adoptar as medidas protectoras e correctoras adecuadas para minimizalas.
4. Os pozos de abastecemento de auga ás vivendas terán que estar distanciados de calquera foxa séptica, esterqueira ou calquera foco contaminante, un mínimo de 20 metros, sen prexuízo da que derive da normativa sectorial de aplicación.
5. A foxa distará 3,00 metros, como mínimo, dos bordos de parcela e estará na parte máis baixa desta, sen prexuízo de onde resulte en virtude da vixente lexislación en materia de augas e deberán contar coa correspondente autorización do organismo sectorial competente.
6. O Concello poderá exixir instalacións de pretratamento das verteduras naquelas actividades que produzan augas residuais susceptibles de superaren as concentracións máximas instantáneas de contaminantes permitidos pola normativa aplicable.
7. Os pequenos centros de transformación que se van instalar, poderanse situar ao ar libre, sempre e cando se consideren todas as medidas precisas para garantir a seguridade. Así mesmo, atenderán ás debidas cautelas de integración paisaxísticas que se indican no capítulo referente ás normas de protección e adaptación ao ambiente

SECCIÓN 2ª. NORMAS DE URBANIZACIÓN E DOS SERVIZOS NOS EDIFICIOS.

Artigo 46. Abastecemento de auga e saneamento.

1. Nos proxectos deberase detallar o sistema de saneamento, que debe ser ampliable para a totalidade dos novos usos que se poidan implantar, así como a súa conexión ás redes municipais de saneamento ou un sistema propio de rede e depuración, coa debida autorización de vertedura do organismo de bacía.
2. O saneamento realizarase normalmente mediante sistema separativo.
3. Para o outorgamento de novas licenzas de obras nos lugares onde non se prevé a conexión á rede municipal de abastecemento de auga, os proxectos de construción deberán incluír a resolución da concesión respectiva ou uso privativo por disposición legal, asegurando así, a dispoñibilidade xurídica de auga previamente á concesión das devanditas licenzas.

Artigo 47. Enerxía eléctrica.

1. Todas as instalacións de transporte e abastecemento de enerxía eléctrica e os centros de transformación cumprirán o establecido na correspondente normativa sectorial.
2. Deberanse adoptar cantas medidas correctoras sexan precisas contra ruídos, vibracións, ventilación, ou similares, co fin de molestar o mínimo posible á poboación circundante.

Artigo 48. Rede de telecomunicacións.

1. Sen prexuízo da normativa técnica aplicable, as antenas deberán ser obxecto dun adecuado tratamento estético, de tal xeito que a súa forma, altura, elementos integrantes, materiais e cores se escollan co criterio de minimizar os impactos visuais negativos sobre a contorna, procurando un deseño acorde ás características cromáticas, volumétricas, naturais e paisaxísticas do lugar.
2. As construcións anexas ás antenas terán un deseño e un remate coidado, empregando as formas, as cores e os materiais que menor impacto produzan e permitan a mellor integración na contorna.

Artigo 49. Rede viaria e espazos libres.

1. Procurarase a incorporación progresiva de arboredo no viario en xeral, empregando en cada caso as especies arbóreas locais adecuadas para o largo, orientación e tipoloxía da beirarrúa e da rúa.

2. Os parques e áreas recreativas deberán incorporar arboredo autóctono ou naturalizado en Galicia co criterio da rexeneración e recuperación de espazos de carácter natural.
3. Aplicaranse as normas de protección e adaptación ao ambiente establecidas no cap.3.

TÍTULO IV - NORMATIVA SECTORIAL E INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO.

Artigo 50. Prevalencia da normativa sectorial.

Resultarán de aplicación e prevalecerán sobre a normativa contida neste título as determinacións da correspondente normativa sectorial.

CAP. 1. NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE PATRIMONIO CULTURAL.

Artigo 51. Remisión á normativa de aplicación en materia de patrimonio cultural.

1. Nos elementos que se inclúen no Catálogo da presente MP e nos seus contornos de protección aplicárase o disposto na LPG, nomeadamente os seguintes artigos:
 - a. Autorizacións: artigo 39 .
 - b. Modelos de intervencións: artigo 40.
 - c. Actuacións autorizables segundo os niveis de protección: artigo 42.
 - d. Réxime de intervencións nos contornos de protección: artigo 45.
 - e. Criterios específicos de intervención no contorno de intervención: artigo 46.
2. Nos edificios incluídos no Catálogo, nos que resulte necesaria a súa adaptación ás condicións mínimas de accesibilidade, habitabilidade ou eficiencia enerxética, aplicárase o disposto no art. 13 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
3. Será de aplicación o disposto no CAPÍTULO V do TÍTULO I da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia para as intervencións nos edificios incluídos no Catálogo e os seus contornos de protección.
4. Ningún ben do patrimonio cultural quedará suxeito ao réxime de fóra de ordenación.

CAP. 2. NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE SERVIDUMES AERONÁUTICAS.

Artigo 52. Normativa aplicable.

1. A normativa de aplicación na materia será a que se indica a continuación:
 - a. *Servidumbres aeronáuticas establecidas conforme a la Ley 48/60, de 21 de julio (B.O.E. nº 176, de 23 de julio) sobre Navegación Aérea, y Decreto 584/72, de 24 de febrero (B.O.E. nº 69, de 21 de marzo) de servidumbres aeronáuticas, en su actual redacción.*
 - b. *Real Decreto 374/1996, de 23 de febrero, por el que se modifican las servidumbres aeronáuticas establecidas en el aeropuerto de La Coruña (B.O.E. nº 64, de 14 de marzo de 1996).*
 - c. *Propuesta de servidumbres aeronáuticas contenidas en el Plan Director del Aeropuerto de A Coruña aprobado por Orden del Ministerio de Fomento de 31 de julio de 2001 (B.O.E. nº 220, de 13 de septiembre), definidas en base al Decreto de servidumbres aeronáuticas y los criterios vigentes de la Organización de Aviación Civil Internacional (O.A.C.I.).*

Artigo 53. Afeccións sobre o territorio.

1. Os terreos que se atopan incluídas nas zonas de Servidumes Aeronáuticas do Aeroporto de A Coruña son as que se indican nos planos de ordenación que corresponden á totalidade do núcleo de O Piñeiro, á zona oeste de Os Buios e á zona noroeste de Lubián que están afectada polo Límite da superficie de aproximación intermedia NDBL de 370 m. de elevación.
2. Nos planos de ordenación P.O.-04 represéntase a Liña límite de aproximación que determina a altura, respecto do nivel do mar, que non debe exceder ningunha construción incluídos tódolos seus elementos como antenas, pararraios, chemineas, equipos de aire acondicionado, caixas de ascensores, carteis, remates decorativos, etc., incluídas as grúas de construción e similares, modificacións do terreo ou obxecto fixo (postes, antenas,

aeroxeneradores incluídas as súas palas, carteis, etc.), así como o gálibo do viario ou vía férrea.

3. A execución de calquera construción, instalación como postes, antenas, aeroxeradores incluídas as palas, medios necesarios para a construción (incluídas as grúas de construción e similares) ou plantación, requirirá acordo favorable previo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA).

CAP. 3. NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE ESTRADAS.

Artigo 54. Disposicións xerais.

1. Resultarán de aplicación, en todo caso, e prevalecerán sobre esta normativa as determinacións da lexislación de estradas e a súa normativa de desenvolvemento, nomeadamente, no referente á protección do dominio público viario, segundo a clasificación do solo.
2. En todo caso, nos treitos urbanos das estradas provinciais, a existencia de dominio público obriga a solicitar a preceptiva autorización.

Artigo 55. Normativa reguladora en relación á rede autonómica de estradas de Galicia.

1. O núcleo rural de O Piñeiro está afectado na zona norte pola estrada autonómica VG-1.2. que está clasificada no *Catálogo de estradas da Rede autonómica de estradas de Galicia* aprobado por *Decreto 100/2021, do 24 de xuño, como vía para automóviles pertencente á rede complementaria*.
2. Como anexo a esta normativa achéganse as condicións establecidas pola Axencia Galega de Infraestruturas con respecto da rede de estradas autonómicas, así como a condición respecto ao ruído provocado pola rede de estradas autonómicas.

Artigo 56 Normativa reguladora en relación á rede provincial de estradas.

1. Os tramos dos núcleos rurais de Os Buios e O Redondo atravesados pola estrada DP 3503, unha vez aprobada definitivamente a presente MP, terán a consideración, no que respecta á lexislación en materia de estradas de Galicia, de treito urbano.
2. O núcleo rural de O Piñeiro atravesado pola estrada DP 3501, unha vez aprobada definitivamente a presente MP, terá a consideración, no que respecta á lexislación en materia de estradas de treito urbano. Queda exceptuado o tramo afectado polo estreitamento puntual no PQ0+780, onde a consideración de treito urbano, realizarase respecto das aliñacións regularizadas e non da aliñación regular respecto das edificacións existentes causantes do estreitamento.

CAP. 4. NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE AUGAS.

Artigo 57. Disposicións xerais.

Nos cursos fluviais ou calquera outro elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico, resulta de aplicación a normativa da lexislación de augas, e terá plena vixencia as prescricións establecidas para o dominio público hidráulico.

CAP. 5. NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE MONTES

Artigo 58. Disposicións xerais.

1. A Lei 7/2012, de 28 de xuño de montes de Galicia, exclúe expresamente do concepto de monte ou terreo forestal o solo de núcleo rural. Non obstante, compre ter en conta as distancias mínimas a respectar polas novas repoboacións forestais co solo de núcleo rural que constan no ANEXO II da lei ou disposición que a substitúa.
2. Terase en conta o establecido para a defensa de persoas e bens no artigo 21ter.3. da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, de Galicia ou disposición que a substitúa.

CAP. 6. PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL.

Artigo 59. Áreas continuas e discontinuas.

Os terreos dos núcleos rurais obxecto da presente MP están en *área de ordenación*, agás a zona noroeste de Lubián e o norte de O Piñeiro onde se localizan dous *corredores ecolóxicos*.

Artigo 60. Condicións de uso nos terreos incluídos no POL.

1. De acordo co disposto no artigo 3.2. da normativa do POL este instrumento non será de aplicación nos terreos incluídos no perímetro interior dos núcleos delimitados cuxos terreos se clasifican como solo de núcleo rural unha vez aprobada definitivamente a presente MP.
2. Os únicos usos construtivos posibles nos terreos vacantes incluídos nos corredores serán os viveiros e invernadoiros e os peches ou valados de fincas que corresponden aos 2A3 e 2I do art. 46 do POL, así como os usos non construtivos permitidos ou compatibles do art. 57.

TÍTULO V - ORDENANZAS PARTICULARES.

CAP. 1. ORDENANZA REGULADORA DO SOLO DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL.

SECCIÓN 1ª. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 61. Ámbito de aplicación. Graos.

1. O ámbito de aplicación desta ordenanza é o solo de núcleo rural tradicional dos núcleos delimitados (SNRT).
2. Establécense dous graos ou subordenanzas:
 - a. Grao 1 (SNRT-1) de aplicación no SNRT dos núcleos de Os Buíos, O Redondo, Lubián e O Piñeiro.
 - b. Grao 2 (SNRT-2) de aplicación no SNRT do núcleo de O Feal.

SECCIÓN 2ª. USOS

Artigo 62. Usos.

1. Uso global: residencial de vivenda unifamiliar (RES-VU).
2. Usos complementarios, compatibles ou alternativos:
 - a. Considéranse como complementarios os usos terciarios ou produtivos, actividades turísticas e artesanais, pequenos talleres, invernadoiros e equipamentos, así como aqueles que garden relación directa cos tradicionalmente ligados ao asentamento rural de que se trate ou que dean resposta ás necesidades da poboación residente neles.
 - b. Comercial: categoría 1ª.
 - c. Oficinas.
 - d. Recreativo: Todas as categorías que se establecen no TIT. II, cap. 3 desta normativa.
 - e. Hoteleiro.
 - f. Produtivo: Compatible residencial
 - g. Almacenaxe: Pequeno almacén.
 - h. Servizos urbanos: Compatible có uso residencial.
 - i. Espazos libres e zonas verdes.
 - j. Equipamento sanitario-asistencial.
 - k. Equipamento educativo.
 - l. Equipamento social-cultural.
 - m. Equipamento deportivo.
 - n. Equipamento administrativo-institucional.
 - o. Servizos públicos: categoría 1ª só no caso de ampliación de cemiterios existentes; categoría 2ª.
3. Usos prohibidos: Todos os demais.

SECCIÓN 3ª. CONDICIÓN DA EDIFICACIÓN.

SUBSECCIÓN 1ª. PARÁMETROS SOBRE TIPOLOXÍA E INTENSIDADE DA EDIFICACIÓN.

Artigo 63. Tipoloxías edificatorias.

1. Edificación illada ou acaroada. Só se permitirá unha vivenda por parcela.
2. As construcións auxiliares destinadas a albergar os usos compatibles manterán as condicións ambientais do núcleo, a morfoloxía do asentamento e a tipoloxía das edificacións do lugar.
3. Será posible ou obrigatorio o acaroamento lateral das edificacións nos seguintes casos:
 - a. Cando se presenten en proxecto unitario.
 - b. Cando exista acordo documental rexistrado entre as dúas propiedades.

- c. Nos dous casos anteriores será obrigatoria a construción simultánea ou inmediatamente sucesiva dos inmobles, este aspecto figurará na memoria xustificativa do proxecto, para consideralo na concesión da preceptiva licenza de obras.
 - d. Será obrigatorio acaroarse en todos os casos que exista edificación lindeira que presente medianeira no linde, estando conforme á aliñación. De existir medianeira nos dous lindeiros, a edificación levantarase entre ambas as medianeiras en tanto sexa permitido pola edificabilidade máxima. Se isto non fose xustificadamente posible, acaroarase polo menos a un dos lindeiros coa construción principal, podendo situar na outra medianeira as construcións auxiliares. De non ser posible, utilizaranse técnicas de xardinaría e paisaxismo para mitigar os efectos da medianeira sobre a nova construción, en particular, e sobre o asentamento, en xeral.
4. Cumpriranse as condicións de protección e adaptación ao ambiente que se establecen no capítulo 1 do título III.

Artigo 64. Ocupación.

1. A ocupación máxima da parcela neta será a seguinte:
 - a. Grao 1: 30%.
 - b. Grao 2: 20%.
2. A ocupación máxima en superficie de todas as edificacións será de 500 m² construídos. Para manter a referencia en escala e proporción respecto da edificación tradicional, cada edificación non poderá superar os 150 m² construídos, en caso de que se necesite maior superficie construída, pode resolverse mediante unha axeitada descomposición en distintos corpos de edificación que se aproximen mais á escala e volumetría das edificacións tradicionais existentes no lugar.

Artigo 65. Edificabilidade.

3. A superficie máxima edificable por cada m² de parcela bruta será a seguinte:
 - a. Grao 1: 0,40 m²/m².
 - b. Grao 2: 0,30 m²/m².

SUBSECCIÓN 2ª. PARÁMETROS SOBRE PARCELA.

Artigo 66. Parcela mínima.

A existente, sempre que permita unha edificación axustada ao resto das condicións urbanísticas aplicables. Para efectos de parcelación ou normalización dos predios, a superficie mínima será seguinte:

- a. Grao 1: 500 m².
- b. Grao 2: 1000 m².

Artigo 67. Fronte mínima de parcela.

A existente, sempre que permita unha edificación axustada ao resto das condicións de habitabilidade vixentes. Porén, no caso de parcelación ou normalización dos predios, a fronte mínima será seguinte:

- a. Grao 1: 10 metros.
- b. Grao 2: 12 metros.

SUBSECCIÓN 3ª. PARÁMETROS SOBRE POSICIÓN DA EDIFICACIÓN.

Artigo 68. Recuamentos.

1. As novas edificacións recuaranse obrigatoriamente dos lindeiros as distancias que se indican a continuación para cada grao, agás no caso en que exista unha medianeira nun lindeiro lateral, á que será obrigado acaroarse.
 - a. Grao 1:
 - Recuamento ás aliñacións: ≤ 5m
 - Recuamento aos lindeiros: ≥ 2m
 - b. Grao 2:
 - Recuamento ás aliñacións: ≤ 5m
 - Recuamento aos lindeiros: ≥ 3m
2. En calquera caso, respectarase un recuamento mínimo de 6 metros do eixe da vía, agás no caso das novas construcións en zonas onde existan aliñacións consolidadas.
3. No caso dunha nova edificación que forme parella con outra xa edificada baixo a obriga de ocultar parede medianeira, a nova edificación deberá adoptar o mesmo recuamento á aliñación que a existente, de xeito que as dúas fachadas se integren nun volume común

SUBSECCIÓN 4ª. PARÁMETROS SOBRE VOLUME E FORMA DA EDIFICACIÓN.

Artigo 69. Número de plantas.

1. O número de plantas será de baixo e andar, con posibilidade de ocupación baixo cuberta dentro da edificabilidade permitida.
2. A altura máxima será de 6,50 metros, medidos desde a rasante da rúa ou do terreo no punto medio da fachada. Tal medida non poderá ser excedida en ningún punto do perímetro da edificación.
3. No caso de acaroamento a unha vivenda tradicional existente, deberase manter a liña de cornixa.
4. En parcelas con pendente acusada deberanse adoptar as medidas de implantación da edificación no terreo que se dispoñen no cap.1 do título III.

Artigo 70. Sotos e semisotos.

1. Admítese sotos e semisotos coas condicións sinaladas no anexo I do RLSG.
2. A realización de plantas soterradas en parte será recomendable para conseguir a integración da edificación en terreos en pendente e, por conseguinte, evitar os desmontes innecesarios.
3. Deberanse cumprir en todo caso as condicións de implantación da edificación no terreo que se dispoñen no cap.1 do título III.

Artigo 71. Cubertas.

1. Adaptaranse aos parámetros sobre volume e forma da edificación do cap.5 do título III.
2. Cumpirán as condicións de formalización e composición das edificacións que se dispoñen no cap.1 do título III.

Artigo 72. Corpos voados.

1. Adaptaranse aos parámetros sobre volume e forma da edificación do capítulo 5 do título III.
2. Cumpirán as condicións de formalización e composición das edificacións que se dispoñen no cap.1 do título III.

SECCIÓN 4ª. CONDICIÓN PARTICULARES.

Artigo 73. Edificacións auxiliares e peches de parcelas .

1. As edificacións auxiliares adaptaranse aos parámetros sobre tipoloxía e intensidade de edificación establecidos no cap. 2 do título III.
2. Os peches de parcela cumpirán co disposto no cap. 3 título III

Artigo 74. Condicións para a implantación de infraestruturas de servizos.

As novas redes de servizos que se implanten nos núcleos rurais cumpirán as condicións de urbanización e acondicionamento do espazo público que se dispoñen nas normas de protección e adaptación ao ambiente do cap. 1 do título III.

SECCIÓN 5ª. NORMAS DE PROTECCIÓN E ADAPTACIÓN AO AMBIENTE.

Artigo 75. Normas de protección e adaptación ao ambiente .

As novas edificacións que se pretendan situar nos núcleos rurais, as actuacións sobre as edificacións tradicionais existentes e as actuacións sobre o espazo privado e público deberán cumprir coas condicións que se establecen no cap. 1 do título III.

CAP. 2. ORDENANZA REGULADORA DO SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN.

SECCIÓN 1ª. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 76. Ámbito de aplicación. Graos.

1. O ámbito de aplicación desta ordenanza é o solo de núcleo rural común dos núcleos delimitados (SNRC).
2. Establécense dous graos ou subordenanzas:
 - a. Grao 1 (SNRC-1) de aplicación no SNRC dos núcleos de Os Buíos agás no asentamento de As Queiras, O Redondo, Lubián e O Piñeiro.
 - b. Grao 2 (SNRC-2) de aplicación no SNRC do núcleo de O Feal e no asentamento de As Queiras no núcleo de Os Buíos.

SECCIÓN 2ª. USOS

Artigo 77. Usos.

1. Uso global: residencial de vivenda unifamiliar (RES-VU).
2. Usos complementarios, compatibles ou alternativos:
 - a. Considéranse como complementarios os usos terciarios ou produtivos, actividades turísticas e artesanais, pequenos talleres, invernadoiros e equipamentos, así como aqueles que garden relación directa cos tradicionalmente ligados ao asentamento rural de que se trate ou que dean resposta ás necesidades da poboación residente neles.
 - b. Comercial.
 - c. Oficinas.
 - d. Recreativo: Todas as categorías que se establecen no cap. 3 do título II desta normativa.
 - e. Hoteleiro.
 - f. Produtivo: Compatible residencial
 - g. Almacenaxe: Pequeno almacén.
 - h. Servizos urbanos: Compatible có uso residencial.
 - i. Espazos libres e zonas verdes.
 - j. Equipamento sanitario-asistencial.
 - k. Equipamento educativo.
 - l. Equipamento social-cultural.
 - m. Equipamento deportivo.
 - n. Equipamento administrativo-institucional.
 - o. Servizos públicos: categoría 1ª só no caso de ampliación de cemiterios existentes; categoría 2ª.
3. Usos prohibidos: Todos os demais.

SECCIÓN 3ª. CONDICIÓN DA EDIFICACIÓN.

SUBSECCIÓN 1ª. PARÁMETROS SOBRE TIPOLOXÍA E INTENSIDADE DA EDIFICACIÓN.

Artigo 78. Tipoloxías edificatorias.

1. Edificación illada ou acaroada. Só se permitirá unha vivenda por parcela.
2. As construcións auxiliares destinadas a albergar os usos compatibles manterán as condicións ambientais do núcleo, a morfoloxía do asentamento e a tipoloxía das edificacións do lugar.
3. Será posible ou obrigatorio o acaroamento lateral nos seguintes casos:
 - a. Cando se presenten en proxecto unitario.
 - b. Cando exista acordo documental rexistrado entre ambas as dúas propiedades.
 - c. Nos dous casos anteriores será obrigatoria a construción simultánea ou inmediatamente sucesiva dos inmobles, este aspecto figurará na memoria xustificativa do proxecto, para consideralo na concesión da preceptiva licenza de obras.
 - d. Será obrigatorio acaroarse en todos os casos que exista edificación lindeira que presente medianeira no linde, estando conforme á aliñación. De existir medianeira nos dous lindeiros, a edificación levantarase entre ambas as medianeiras en tanto sexa permitido pola edificabilidade máxima. Se isto non fose xustificadamente posible, acaroarase polo menos a un dos lindeiros coa construción principal, podendo situar na outra medianeira as construcións auxiliares. De non ser posible, utilizaranse técnicas de xardinaría e paisaxismo para mitigar os efectos da medianeira sobre a nova construción, en particular, e sobre o asentamento, en xeral.
4. Cumpriranse as condicións de protección e adaptación ao ambiente que se establecen no capítulo 1 do título III.

Artigo 79. Ocupación.

1. A ocupación máxima da parcela neta será a seguinte:
 - a. Grao 1: 20%.
 - b. Grao 2: 20%.
2. A ocupación máxima en superficie de todas as edificacións será de 500 m² construídos. Para manter a referencia en escala e proporción respecto da edificación tradicional cada edificación non poderá ter mais de 150 m² construídos, en caso de que se necesite maior superficie, pode resolverse mediante unha axeitada descomposición en distintos corpos de edificación que se aproximen mais á escala e volumetría das edificacións tradicionais existentes no lugar.

Artigo 80. Edificabilidade.

1. A superficie máxima edificable por cada m² de parcela bruta será a seguinte:
 - a. Grao 1: 0,30 m²/m².
 - b. Grao 2: 0,30 m²/m².

SUBSECCIÓN 2ª. PARÁMETROS SOBRE PARCELA.

Artigo 81. Parcela mínima.

A existente, sempre que permita unha edificación axustada ao resto das condicións urbanísticas aplicables. Para efectos de parcelación ou normalización dos predios, a superficie mínima será seguinte:

- a. Grao 1: 1000 m².
- b. Grao 2: 1500 m².

Artigo 82. Fronte mínima de parcela.

A existente, sempre que permita unha edificación axustada ao resto das condicións de habitabilidade vixentes. Porén, no caso de parcelación ou normalización dos predios, a fronte mínima será seguinte:

- a. Grao 1: 12 metros.
- b. Grao 2: 12 metros.

SUBSECCIÓN 3ª. PARÁMETROS SOBRE POSICIÓN DA EDIFICACIÓN.

Artigo 83. Recuamentos.

1. As novas edificacións recuaranse obrigatoriamente dos lindeiros as distancias que se indican a continuación para cada grao, agás no caso en que exista unha medianeira nun lindeiro lateral, á que será obrigado acaroarse.
 - a. Grao 1:
 - Recuamento das aliñacións: ≤ 5m
 - Recuamento dos lindeiros: ≥ 3m
 - b. Grao 2:
 - Recuamento das aliñacións: ≤ 5m
 - Recuamento dos lindeiros: ≥ 3m
2. En calquera caso, respectarase un recuamento mínimo de 6 metros do eixe da vía, agás no caso das novas construcións en zonas onde existan aliñacións consolidadas.
3. No caso dunha nova edificación que forme parella con outra xa edificada baixo a obriga de ocultar parede medianeira, a nova edificación deberá adoptar o mesmo recuamento á aliñación que a existente, de xeito que as dúas fachadas se integren nun volume común

SUBSECCIÓN 4ª. PARÁMETROS SOBRE VOLUME E FORMA DA EDIFICACIÓN.

Artigo 84. Número de plantas.

1. O número de plantas será de baixo e andar, con posibilidade de ocupación baixo cuberta dentro da edificabilidade permitida.
2. A altura máxima será de 6,50 metros, medidos desde a rasante da rúa ou do terreo no punto medio da fachada. Tal medida non poderá ser excedida en ningún punto do perímetro da edificación.
3. No caso de acaroamento a unha vivenda tradicional existente, deberase manter a liña de cornixa.
4. En parcelas con pendente acusada deberanse adoptar as medidas de implantación da edificación no terreo que se dispoñen no cap.1 do título III.

Artigo 85. Sotos e semisotos.

1. Admítense sotos e semisotos coas condicións sinaladas no anexo I do RLSG.
2. A realización de plantas soterradas en parte será recomendable para conseguir a integración da edificación en terreos en pendente e, por conseguinte, evitar os desmontes innecesarios.
3. Deberanse cumprir en todo caso as condicións de implantación da edificación no terreo que se dispoñen no cap.1 do título III.

Artigo 86. Cubertas.

1. Adaptaranse aos parámetros sobre volume e forma da edificación do cap.5 do título III.
2. Cumprirán as condicións de formalización e composición das edificacións que se dispoñen no cap.1 do título III.

Artigo 87. Corpos voados.

1. Adaptaranse aos parámetros sobre volume e forma da edificación do cap. 5 do título III.
2. Cumprirán as condicións de formalización e composición das edificacións que se dispoñen no cap.1 do título III.

SECCIÓN 4ª. CONDICIÓN PARTICULARES.

Artigo 88. Edificacións auxiliares e peches de parcelas .

1. As edificacións auxiliares adaptaranse aos parámetros sobre tipoloxía e intensidade de edificación establecidos no cap. 2 do título III.
2. Os peches de parcela cumprirán co disposto na sección 2ª do cap. 3 título III.

Artigo 89. Condicións para a implantación de infraestruturas de servizos.

As novas redes de servizos que se implanten nos núcleos rurais cumprirán as condicións de urbanización e acondicionamento do espazo público que se dispoñen nas normas de protección e adaptación ao ambiente do cap. 1 do título III.

SECCIÓN 5ª. NORMAS DE PROTECCIÓN E ADAPTACIÓN AO AMBIENTE.

Artigo 90. Normas de protección e adaptación ao ambiente .

As novas edificacións que se pretendan situar nos núcleos rurais, as actuacións sobre as edificacións tradicionais existentes e as actuacións sobre o espazo privado e público deberán cumprir coas condicións que se establecen no cap. 1 do título III.

CAP. 3. ORDENANZA REGULADORA DOS EQUIPAMENTOS.

Artigo 91. Ámbito de aplicación.

Comprende os terreos nos que se desenvolven as diferentes actividades destinadas a satisfacer as necesidades da cidadanía, que se identifican nos planos de ordenación coa abreviatura EQ.

Artigo 92. Usos.

1. Uso principal: dotacional de todas as categorías establecidas no cap.5 do tít.II desta normativa.
2. Usos complementarios.
 - a. Uso residencial, exclusivamente para vivenda destinada á garda, custodia ou mantemento cunha superficie máxima construída de 150 m².
 - b. Uso oficinas.
 - c. Uso recreativo de cafetería.
 - d. Uso espazos libres e zonas verdes.
 - e. Uso aparcadoiro, para cubrir a demanda en función da categoría de que se trate.
3. Usos prohibidos: Os demais.

Artigo 93. Condicións xerais da edificación.

1. Os equipamentos públicos procurarán a súa integración na ordenación da zona na que se insiran, podendo adaptarse ás condicións de edificación, estándares e programas correspondentes á súa lexislación específica.
2. Cando as condicións de uso e funcionalidade dunha determinada edificación exijan un volume desproporcionado e fóra de escala en relación á volumetría das construcións do asentamento, este deberá descompoñerse en varios volumes co fin de procurar unha maior integración no medio. En todo caso, deberanse adoptar as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos. O peche deberá ser tratado coma un elemento máis da construción.
3. En todo caso aplicaranse as condicións de protección e adaptación ao ambiente que se establecen no cap.1 do tít. III.
4. Os equipamentos privados someteranse ás condicións da ordenanza de aplicación na zona onde estean situados.
5. Os espazos vacantes de edificación destinaranse a resolver as necesidades de aparcamento, de acceso viario, espazos libres axardinados e zonas peonís.

CAP. 4. ORDENANZA REGULADORA DO SOLO DESTINADO A ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES.

Artigo 94. Ámbito de aplicación.

Comprende o conxunto de espazos destinados a garantir o lecer da poboación, mellorar as condicións ambientais, así como protexer as áreas naturais que o requiran.
As zonas verdes e espazos libres, identifícanse nos planos de ordenación coa abreviatura (E.L.).

Artigo 95. Usos.

1. O réxime de usos para o espazo libre debe favorecer o lugar de encontro, o goce da natureza e o espazo de relación entre as persoas.
2. Uso principal: dotacional de espazos libres e zonas verdes.
3. Usos complementarios ou compatibles:
 - a. No interior dos espazos libres e das zonas verdes públicos poderán permitirse usos que resulten compatibles e complementarios coa súa finalidade ao servizo da colectividade, sen que poidan admitirse utilizacións que exclúan ou limiten o seu uso público.
 - b. Permitirase pequenas instalacións para uso recreativo, deportivo, de hostalaría e quioscos de planta baixa cunha superficie máxima de 100 m² e cunha ocupación máxima do 5% da superficie do espazo libre.
Estas edificacións cumprirán coas condicións de edificación establecidas para as edificacións auxiliares no cap. 2 do tít. III.
 - c. Cando así se xustifique, por motivos de necesidade, admitirase a instalación de infraestruturas de servizo, preferiblemente baixo rasante ou, no caso de implantación en superficie, con medidas correctoras de carácter ambiental (ocultación, mimetización, etc.).
4. Usos prohibidos: Os demais.

Artigo 96. Condicións xerais da edificación.

1. As zonas verdes e espazos libres de uso público deberán estar convenientemente acondicionadas coas correspondentes sendas peonís, camiños, escaleiras e tratamento vexetal. Dotaranse de iluminación pública, rede de sumidoiros e abastecemento de augas necesarios para o seu funcionamento e conservación e de mobiliario urbano adecuado.
2. Nas zonas verdes e espazos públicos empregaranse, especies vexetais autóctonas locais e plantaranse árbores nun número axeitado ao espazo no que se localicen e aos usos públicos previstos. Sempre que sexa posible, conservarase o arboredo de interese histórico, especies autóctonas e exemplares de gran porte. Buscarase un deseño de calidade para estas zonas, que aplique as técnicas máis recentes da arquitectura paisaxística.
3. Aplicaranse as condicións de acondicionamento interior da parcela e de urbanización e acondicionamento do espazo público que se establecen no cap.1 do título III.

Artigo 97. Condicións xerais da edificación.

1. A superficie máxima por instalación será de 100 m² cunha ocupación máxima para a totalidade dos usos compatibles do 5%.
2. Aplicaranse as condicións de acondicionamento interior da parcela e de urbanización e acondicionamento do espazo público que se establecen no cap.1 do título III.

Artigo 98. Normas de protección e adaptación ao ambiente.

1. Conservaranse as masas arbóreas existentes e os exemplares de especies vexetais autóctonas, sempre que non resulten incompatibles coas instalacións previstas.
2. O axardinamento nos espazos libres, zonas verdes e zonas libres de edificación realizarase con especies adaptadas ás condicións ambientais existentes, debendo ser preferiblemente especies autóctonas locais ou de grande arraigo na paisaxe, evitando as especies invasoras.
3. Nas plantacións sobre beirarrúas, deberán preverse alcorques o suficientemente amplos para garantir a supervivencia da plantación no seu meirande desenvolvemento.
4. Recoméndase a utilización de pavimentos filtrantes que permitan unha axeitada drenaxe do solo.
5. A elección do mobiliario urbano (bancos, papeleiras, luminarias), será acorde coas características edificatorias existentes, debendo procurar a súa integración na paisaxe urbana.
6. Aplicaranse as condicións do cap.1 do título III que procedan.

G-0
09C
150
P-
F:
C.I.

1. ORDENACIÓN DE SISTEMAS

1.1. CLASIFICACIÓN DAS ESTRADAS AUTONÓMICAS

As estradas autonómicas clasifícanse, en atención ás súas características técnicas, segundo se dispón no artigo 4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, ou no precepto correspondente da norma de rango legal que a veña a substituír.

En atención ás súas características funcionais, as estradas autonómicas clasifícanse segundo se dispón no artigo 32 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia aprobado polo Decreto 66/2016, do 26 de maio, ou no precepto correspondente da norma que o veña a substituír.

1.2. CONDICIÓN DA REDE DE ESTRADAS AUTONÓMICAS

1.2.1. ZONA DE DOMINIO PÚBLICO

1. A zona de dominio público das estradas está integrada polos terreos ocupados por todos os elementos do dominio público viario adquiridos por título lexítimo pola administración autonómica, e defínese segundo o previsto no artigo 37, en relación co 2, da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, ou nos preceptos correspondentes da norma de rango legal que a veña a substituír.

2. A execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público das estradas autonómicas está suxeita ao deber de obter a correspondente autorización, previamente ó outorgamento da licenza municipal, no seu caso.

3. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público das estradas autonómicas correspóndelle á Axencia Galega de Infraestruturas ou ó órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

4. As limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos para a zona de dominio público serán efectivas tamén para os terreos afectados por actuacións previstas, logo de aprobados definitivamente os anteproxectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción correspondentes.

1.2.2. ZONAS DE PROTECCIÓN DA ESTRADA E LIÑA LÍMITE DE EDIFICACIÓN

1. Para a protección do dominio público viario e a debida prestación do servizo público viario, ademais da zona de dominio público, establécense as zonas de protección da estrada denominadas de servidume e de afección, así como a liña límite de edificación.

Para o seu establecemento e delimitación estarase ao abeiro do previsto nos artigos 38 (zonas de protección da estrada e liña límite de edificación), 39 (delimitación da zona de servidume), 40 (delimitación da zona de afección) e 41 (delimitación da liña límite de edificación) da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, ou nos preceptos correspondentes da norma de rango legal que a veña a substituír.

1. A execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade nas zonas de protección das estradas autonómicas está suxeita ao deber de obter a correspondente autorización, previamente ó outorgamento da licenza municipal, no seu caso.

2. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade nas zonas de protección das estradas autonómicas correspóndelle á Axencia Galega de Infraestruturas, ou ó órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

3. As limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos para as zonas de protección e pola liña límite de edificación serán efectivas tamén para os terreos afectados por actuacións previstas, logo de aprobados definitivamente os anteproxectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción correspondentes.

1.2.3. LIMITACIÓNS DE USO DERIVADAS DO RUÍDO

Para a execución de obras e instalacións no contorno das estradas autonómicas, establécese como requisito previo ao outorgamento da licenza municipal a realización dos estudos necesarios para a determinación dos niveis sonoros esperables, así como para o establecemento das limitacións á edificabilidade ou da obrigatoriedade de dispor dos medios de protección acústica necesarios, en caso de superarse os umbrais recomendados, segundo o establecido na normativa básica estatal en materia de ruído ou na correspondente normativa autonómica de desenvolvemento.

G-0
096
150
P-
F-
C.T.

2. ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO DE NÚCLEO RURAL.

2.1. CONDICIÓNS DE PARCELACIÓN E SEGREGACIÓN.

As parcelacións e segregacións de parcelas lindeiras coas estradas autonómicas están suxeitas ao deber de obter a correspondente autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

O outorgamento da antedita autorización será requisito previo para a obtención da correspondente licenza municipal de parcelación ou segregación, no seu caso.

2.2. CONDICIÓNS DE POSICIÓN.

2.2.1. POSICIÓN DA EDIFICACIÓN.

1. As edificacións e outras construcións nas marxes das estradas autonómicas non se situarán máis próximas a estas que a aliñación de edificación sinalada nos planos de ordenación.

Non se admitirán voos sobre as aliñacións de edificación que dan fronte ás estradas autonómicas.

2. Será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de todo tipo de edificacións e outras construcións nas zonas de servidume e afección das estradas autonómicas, a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións, agás que este teña recoñecidos como treito urbano, ós efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, os terreos nos que se pretendan realizar aquelas.

2.2.2. POSICIÓN DO PECHE.

1. A posición dos peches de parcelas nas marxes das estradas de titularidade autonómica, segundo a súa tipoloxía, rexeráse polas seguintes condicións:

- a) Os peches completamente diáfanos, sobre piquetes sen cimentación de obra de fábrica, poderán situarse no borde da parcela.
- b) Os peches diáfanos, con cimentación de obra de fábrica que non sobresaia máis de corenta centímetros (40 cm) en ningún punto da rasante do terreo, non poderán situarse máis próximos á estrada que a aliñación oficial exterior, grafada nos planos de ordenación.
- c) O resto de peches non diáfanos ou de obra de fábrica, non poderán situarse máis próximos á estrada que a aliñación de edificación.

2. Será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de peches nas zonas de servidume e afección das estradas autonómicas, a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións, agás que este teña recoñecidos como treito urbano, ós efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, os terreos nos que se pretenda realizar aquela.

2.3. CONDICIÓNS DE ACCESO

Será requisito para o establecemento de accesos ás estradas autonómicas a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

O outorgamento da antedita autorización de acceso será requisito previo para a obtención da correspondente licenza municipal para realizar calquera tipo de edificación na parcela, agás no caso de que se dispoña dun acceso alternativo que non se realice a través da estrada autonómica.

2.4. OBRAS PERMITIDAS EN SITUACIÓN DE PARCIAL INCOMPATIBILIDADE CO PLAN

As edificacións, instalacións e peches preexistentes, nos solos de núcleo rural, cando fosen recoñecidos como treitos urbanos de núcleo rural a efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, situados nas marxes das estradas autonómicas, quedarán en situación de parcial incompatibilidade co plan cando se sitúen máis afastados da estrada que a aliñación de viario, pero máis próximas á mesma que a aliñación de edificación. Nestes casos, só poderán autorizarse obras de conservación, mantemento e rehabilitación, así coma as obras de reforma, que en ningún caso poderá supoñer un aumento de volume da construción existente, por enriba ou por debaixo da resante.

G-0
09E
150
P-
F:
C.T.